

Programación didáctica
2022-2023

DEPARTAMENTO DE
LINGUA E LITERATURA
GALEGA

EPA Río Lérez

ÍNDICE:

I.- CURSO DE LINGUA GALEGA PARA INMIGRANTES	3
II.- BACHARELATO.	9
2.1.- 2º BACHARELATO: LINGUA GALEGA II	9
2.2.- PORTUGUÉS I e II (Segunda lingua estranxeira)	44
III.- ÁMBITO DA COMUNICACIÓN. ESA.	57
IV.- TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN	107
V.- CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR	109
VI.- ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	112
VII.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	114
VIII.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	115
IX.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA	116
X.- DIVULGACIÓN DA PROGRAMACIÓN	117

CURSO DE INICIACIÓN DE GALEGO

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO

O *Curso de galego nivel inicial* nace da necesidade de ofertarlle ó alumnado, ben sexa estranxeiro ou autóctono, a posibilidade de achegarse á lingua galega dunha maneira sinxela e práctica para poder desenvolverse oralmente e por escrito en situacións cotiás e con escaso grao de dificultade.

Por outra banda, os asistentes serán fundamentalmente persoas que procedan de fóra de Galicia e, na maioría dos casos, incluso de países alleos. Ben por razóns básicas de comunicación interpersoal ou por esixencias relacionadas coa posibilidade de entrar no mercado laboral, precisan coñecer o idioma. Partiremos, polo tanto, dun nivel esencial e iremos afondando paseniño.

2. TEMPORIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DAS UNIDADES.

O curso comezará o día 4 de outubro de 2016 e rematará o 27 de xaneiro de 2017. As horas lectivas semanais serán 4, repartidas entre os martes 2 horas e os venres outras 2. Constará dun total de 54 horas. Consideramos que cada unidade precisará de media entre 5-6 horas, co cal poderemos ver 9 unidades completas. Ben é certo que haberá contidos relevantes ou que puidesen ocasionar dificultades maiores para o alumnado que precisen máis tempo ca outros, co cal actuaremos con certa flexibilidade.

UNIDADE 1

A- OBXECTIVOS:

Nesta unidade van aprender a coñecer os compañeiros da clase e a facer recomendacións para coñecer mellor o galego.

B- CONTIDOS:

- Dar e pedir datos persoais.
- Presentarse, saudar e despedirse.
- Expresar intencións e intereses.
- Facer recomendacións.
- Os números do 0 ó 100.
- O abecedario.
- Algúns verbos en presente.

- O artigo determinado.

UNIDADE 2

A- OBXECTIVOS:

Presentar os compañeiros da clase e describir persoas.

B- CONTIDOS:

- Identificar e describir fisicamente as persoas.
- Falar do aspecto e do carácter.
- Expresar as semellanzas e diferenzas entre as persoas.
- Preguntar sobre gustos e intereses.
- Falar de relacións persoais.
- O artigo determinado + adxectivo, substantivo ou verbo.
- Os posesivos.

UNIDADE 3

A- OBXECTIVOS:

Describir e deseñar unha casa ideal e buscar compañeiros para compartir piso.

B- CONTIDOS:

Expresar localización.

- Describir obxectos: formas, estilos e materiais.
- Facer comparacións.
- Describir barrios, rúas e vivendas.
- Definir os servizos máis prioritarios da veciñanza.
- O artigo indeterminado.
- A formación do plural.
- Algúns cuantificadores.
- O superlativo relativo.

UNIDADE 4

A- OBXECTIVOS:

Coñecer os hábitos dos compañeiros da clase.

B- CONTIDOS:

- Falar de hábitos.

- Expresar a hora.
- Expresar a frecuencia das accións.
- Os días da semana.

- O xénero.
- Estar+ infinitivo e xerundio.
- Algúns verbos irregulares en presente.
- Verbos reflexivos.

UNIDADE 5

A- OBXECTIVOS:

Construír unha lista de cousas que necesitamos para pasar fóra unha fin de semana e decidir como a conseguimos.

B- CONTIDOS:

- Expresión de necesidade.
- Describir obxectos.
- Preguntar polos produtos nunha tenda.
- Preguntar o prezo e pagar.
- Invitar ou rexeitar un convite.
- Dar escusas e xustificarse.
- Números a partir de 100.
- O imperativo.
- Os demostrativos.

UNIDADE 6

A- OBXECTIVOS:

Escoller o chófer, o cociñeiro e o guía turístico para pasar unha fin de semana de acampada.

B- CONTIDOS:

- Falar de experiencia pasadas.
- Falar de habilidades e aptitudes.
- Enumerar calidades e defectos das persoas.
- O pretérito.
- Perífrase ser+participio.

- Adxectivos de carácter.
- Indefinidos.

UNIDADE 7

A- OBXECTIVOS:

Decidir o menú para unha cea de toda a clase.

B- CONTIDOS:

- Falar de gustos e hábitos culinarios.
- Pedir e dar información sobre comidas.
- Desenvolverse en bares, cafeterías e restaurantes.
- Hábitos gastronómicos dos galegos.
- As comidas do día.
- Pesos e medidas.
- A forma impersonal con *se*.
- Os conectores *e, pero, ademais...*
- Algúns usos de *ser e estar*.

UNIDADE 8

A- OBXECTIVOS:

Planificar un día de ocio nuha cidade galega.

B- CONTIDOS:

- Falar de actividades de lecer.
- Falar de horarios.
- Describir lugares.
- Falar do clima.
- Relatar experiencias pasadas.
- Falar de intencións.
- Os meses do ano.
- O pretérito.

- A perífrase ir+infinitivo.
- Expresións temporais.
- As preposicións.

UNIDADE 9

A- OBXECTIVOS:

Interesarse polos problemas dos compañeiros e ofrecerlles axuda.

B- CONTIDOS:

- As partes do corpo.
- Dar consellos e suxestións.
- Falar de estados de ánimo.
- Describir dores, molestias e síntomas.
- Dar as condolencias e mostrar solidariedade.
- Usos de *ser e estar*.
- O futuro.

3. MATERIAL E RECURSOS

Empregaremos como manual de referencia o libro *Aula de galego 1* editado pola Xunta de Galicia. Compaxinaremos o contido do manual coas audicións que este contén. Tamén complementaremos a nosa labor docente con manuais de exercicios de gramática e de léxico, por exemplo, as *Novas prácticas delingua* de Edicións Do Cumio e con recursos da internet. Por exemplo, a visualización de programas ou filmes da TVG para que asimilen novas palabras, a pronuncia, etc.

4. METODOLOXÍA

Posto que a meirande parte do alumnado non terá contacto previo co galego ou este será escaso, comezaremos con aspectos moi xerais e básicos. Partiremos en cada clase dunha breve explicación inicial dos contidos que nos ocupen ese día. Deseguido, o alumnado deberá traballar as actividades escritas e orais. Finalmente corrixirémolas conxuntamente na aula. A finalidade é que ó remataren o curso poidan facer pequenas construcións orais e escritas válidas para situacións habituais nas súas vidas. Fomentaremos neles o interese pola lingua dadas as grandes similitudes co castelán e o portugués e farémolles ver as utilidades de aprender novos idiomas. Cremos que é fundamental que traballen en grupo co fin comunicarse acotío en galego cos compañeiros.

5. AVALIACIÓN E CRITERIOS.

Posto que se trata nunha ensinanza non regrada e que as persoas asisten por propia iniciativa, cremos que se debe ter máis ca nunca en conta a actitude e o esforzo do alumnado. Por iso, avaliáremoslos do seguinte xeito:

50ºº da nota: virá determinada polo traballo na aula, participación, asistencia, actitude positiva cara a lingua, etc.

25ºº da nota: elaboración dun texto de entre 10-15 liñas dun tema que estea de actualidade nese momento e que será proposto polo profesor. Deberán amosar coherencia, corrección e opinión persoal, sempre adaptado ó seu nivel.

25ºº da nota: conversa entre o profesor e o alumno/a sobre un tema de actualidade proposto polo profesor. A duración será de 3 minutos e o alumnado deberá esforzarse en cometer os menores erros posibles, en ser fluído e coherente, tendo en conta o nivel do curso.

A cualificación final será de **apto/a** ou **non apto/a**. Quen supere o curso poderá acceder ó *Curso de Perfeccionamento de Galego* se nun futuro se chegase a implementar no centro.

Para concluír, mencionamos os criterios que imos seguir para avalialos. Ó rematar o curso o alumnado deberá:

- Expresarse oralmente e por escrito con corrección e coherencia de maneira básica.
- Coñecer e aplicar os principios elementais da gramática e do léxico ás súas producións orais e escritas.
- Eliminar pouco a pouco os posibles prexuízos lingüísticos cara a lingua.
- Eliminar das súas producións as interferencias lingüísticas co castelán de doada identificación.
- Ler con fluidez en lingua galega textos moi comprensibles.

BACHARELATO

2º BACHARELATO: Lingua galega e literatura II

I. A MATERIA E OS MATERIAIS DIDÁCTICOS

Esta materia é unha continuación da que o alumno cursou nos seus estudos de primeiro de Bacharelato, coa diferenza de que agora terá ocasión de complementar os seus coñecementos lingüísticos (sintaxe e sociolingüística) e literarios (século XX). Perséguese que complete a súa competencia comunicativa a un nivel superior, é dicir, que sexa quen de usar a lingua de xeito idóneo nas diversas esferas da súa actividade social e individual. Para isto pediráselle que aplique unha maior curiosidade á hora de afondar na materia, a fin de que integre (non só aprenda) os coñecementos que ofrece o bacharelato. Así pois, o alumnado deberá comprender textos orais e escritos complexos, expresarse de forma fluída e espontánea en distintos contextos comunicativos, producir textos ben estruturados sobre distintos temas e para distintos fins e facer un uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica. Amais, cómpre que coñeza a historia da literatura galega e que se achegue á situación sociolingüística de Galicia.

O currículo estrutúrase en tres bloques de contidos:

- ✓ **Lingua e texto:** aténdese a análise das propiedades do texto e a aplicación das mesmas ás producións propias, a descrición do sistema fonético e fonolóxico do galego, o estudo das variedades dialectais, a estrutura e formación das palabras, a análise sintáctica e o estudo do significado.
- ✓ **Literatura:** céntrase, por unha banda, no coñecemento da historia da literatura galega no século XX e, pola outra, no coñecemento, análise e valoración de obras significativas mediante a lectura e o comentario.
- ✓ **Sociolingüística:** búscase un achegamento rigoroso á situación sociolingüística de Galicia para poder interpretala con perspectiva histórica, ademais de estudar o papel da lingua no contexto real da nosa sociedade.

A materia ten como finalidade, ademais do xa mencionado no primeiro parágrafo, que o alumnado sexa quen de responder axeitadamente ás cuestións que se formulan no exame de lingua galega e literatura nas probas de acceso á universidade (ABAU).

O **libro de texto seleccionado** é *Lingua e Literatura II. Bacharelato* (2009). Editorial Rodeira. ISBN: : 978-84-8349-504-95. Esta obra aparece estruturada en catorce unidades didácticas, destinadas

as sete primeiras ao estudo da lingua e as sete restantes ao da literatura galega desde inicios do século XX ata a actualidade.

As unidades do bloque de lingua responden ao seguinte esquema:

- ✓ A lingua e os falantes: contidos de tipo teórico-práctico sobre sociolingüística, dialectoloxía e historia da lingua. A partir da información que figura nesta parte das unidades o alumno deberá elaborar os temas de historia da lingua e sociolingüística.
- ✓ Traballo escrito: consellos para planificar e redactar axeitadamente un traballo.
- ✓ Análise de textos: estudo das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- ✓ Estudo da lingua: descrición do sistema fonético e fonolóxico do galego, unidades sintácticas e análise sintáctica, formación de palabras e semántica. O enfoque deste apartado é teórico-práctico e relaciónase coa parte de morfoloxía que se estudou no curso anterior.

As unidades do bloque de literatura presentan a estrutura seguinte:

- ✓ Historia da literatura: estudo teórico da historia da literatura galega do século XX.
- ✓ Análise de textos: actividades de lectura de textos significativos procedentes da etapa que se veña de estudar e análise dos mesmos.
- ✓ Comentario de texto: análise pormenorizada dun texto significativo do período estudado.
- ✓ As unidades 9, 11 e 13 inclúen unha “Guía de lectura” de tres obras destacadas do período que se estuda este curso.

Tanto no bloque de lingua coma no de literatura aparecen ao final de cada unidade actividades de síntese e avaliación acompañadas de esquemas que resumen algúns dos aspectos máis significativos da mesma. Ao final do libro inclúese un apéndice con contidos gramaticais (morfoloxía e léxico) e literarios (recursos literarios, estilísticos, xéneros e unha antoloxía de textos literarios).

A **distribución temporal das unidades** será a seguinte:

- ✓ **Primeira avaliación:** comprende as cinco primeiras quincenas e nela estudaremos as unidades 1 e 2 (lingua) e 8,9,10 (literatura).
- ✓ **Segunda avaliación:** abrangue as cinco quincenas seguintes e nela ocupáronos das unidades 3 e 4 (lingua) e 11,12 e 13 (literatura).
- ✓ **Terceira avaliación:** abrangue as cinco últimas quincenas e nela ocupáronos das unidades 5 e 6 (lingua) e 14 (literatura).

Na **aula Virtual do centro**, a través da plataforma Moodle, temos colgado un curso de lingua e literatura galega dirixido ao alumnado de 1º de bacharelato nas dúas quendas. O curso leva por título *Lingua galega e Literatura 2º de bacharelato*. Todo o alumnado deberá rexistrarse neste curso e interactuar desde alí.

No curso poñemos a disposición do alumnado toda a información necesaria: unha copia da guía do alumno, a listaxe de títulos para facer as lecturas, unha versión das Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego na súa edición do 2003, un enlace ao Dicionario da RAG, un curso completo de lingua que sirva como ampliación e revisión de conceptos, un enlace a unha páxina moi completa de exercicios de lingua moi diversos e outro enlace ao Portal da Lingua Galega (páxina con contidos multimedia relacionados coa nosa lingua).

A seguir o alumnado poderá atopar cada unha das unidades do libro con referencias aos contidos máis importantes que haxa que estudar e os exercicios de aplicación, con indicación

das páxinas onde atopar estes contidos. A maiores incorpóranse documentos de apoio de diverso signo que permitirán afondar nos contidos revisados.

Este curso na Aula Virtual permitirá tamén realizar un control exhaustivo do traballo do alumnado, así como propoñer cuestionarios e outras probas de avaliación. Por outro lado tamén permitirá contar cun foro específico para poder interactuar desde a Aula tanto cos compañeiros coma co profesor.

O alumno deberá facer de forma obrigatoria unha **lectura** por avaliación que será indicada polo docente (quenda de mañá) ou poderá escoller (quenda de tarde) de entre as seguintes:

1ª AVALIACIÓN

Erros e Tánatos, Gonzalo Navaza (quenda de mañá)

“Os señores da terra” (de “Os camiños da vida”), Otero Pedrayo.

“O porco de pé”, Vicente Risco.

“Cousas”, Castelao.

“De catro a catro”, Manuel Antonio.

2ª AVALIACIÓN

Os dous de sempre, Castelao (quenda de mañá)

“Dos arquivos do trasno”, Rafael Dieste.

“Á lus do candil”, Ánxel Fole.

“Merlín e familia”, Álvaro Cunqueiro.

“A esmorga”, Eduardo Blanco Amor.

3ª AVALIACIÓN

Adiós María, Xohana Torres (quenda de mañá)

“Longa noite de pedra”, Celso Emilio Ferreiro.

“O crepúsculo e as formigas”, Xosé Luís Méndez Ferrín.

“*Ilustrísima*”, Carlos Casares.

“¿Qué me queres, amor?”, Manuel Rivas.

Outras lecturas recomendadas son:

- ✓ *Relatos*, de Vicente Risco.
- ✓ *Xente de aquí e de acolá*, de Álvaro Cunqueiro.
- ✓ *Arraianos*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.
- ✓ *Criminal*, de Xurxo Borrazás.
- ✓ *Malaria sentimental*, de Xabier Queipo.
- ✓ *soño da febre*, de Miguel Anxo Murado.

II. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Unidade 1: Sintaxe

1. MAPA DE RELACIÓNS CURRICULARES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).</p> <p>Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.</p> <p>Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.</p> <p>Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p> <p>Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito académico.</p> <p>Procedementos para a obtención, tratamento e avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais.</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.</p>	<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.</p> <p>4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.</p> <p>9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p>10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p> <p>1. Desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical, empregando distintas estruturas expositivas (comparación, problema-solución, enumeración, causa-consecuencia, ordenación cronolóxica...), e utilizando os recursos expresivos adecuados ás condicións da situación comunicativa.</p> <p>4. Realizar traballos de investigación sobre temas do currículo ou da actualidade social, científica ou cultural planificando a súa realización, obtendo a información de fontes diversas e utilizando as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para a súa realización, avaliación e mellora.</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.</p>	<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. (CCL e CAA)</p> <p>3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. (CCL, CAA e CSC)</p> <p>3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. (CAA e CCL)</p> <p>4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. (CCL)</p> <p>4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. (CAA e CSC)</p> <p>4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. (CCL, CSC e CSIEE)</p> <p>9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. (CCL, CSC e CSIEE)</p> <p>10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. (CAA e CCL)</p> <p>10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. (CAA)</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p> <p>1.1. Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical. (CCL)</p> <p>2.1. Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural, identificando o tema e a estrutura. (CCL e CAA)</p> <p>4.2. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando. (CD e CAA)</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. (CAA)</p>

2. RÚBRICA DE AVALIACIÓN

Indicadores	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
Exprésase oralmente con fluidez, coa entoación, o ton, timbre e velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	Exprésase oralmente con moi pouca fluidez e non utiliza a entoación, o ton, timbre e velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	Exprésase oralmente con pouca fluidez e ten dificultades para utilizar a entoación, o ton, timbre e velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	Exprésase oralmente con bastante fluidez e habitualmente utiliza a entoación, o ton, timbre e velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.	Exprésase oralmente con moita fluidez e sempre utiliza a entoación, o ton, timbre e velocidade adecuados ás condicións da situación comunicativa.
Desenvolve por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección ortográfica e gramatical.	Non é capaz de desenvolver por escrito un tema do currículo.	Presenta algunhas dificultades para desenvolver por escrito un tema do currículo con rigor, claridade e corrección.	Desenvolve por escrito un tema do currículo con bastante rigor, claridade e unha notable corrección ortográfica e gramatical.	Desenvolve por escrito un tema do currículo con moito rigor, claridade e unha excelente corrección ortográfica e gramatical.
Comprende textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural, identificando o tema e a estrutura.	Presenta dificultades notorias para comprender textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.	Comprende parcialmente algúns textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.	Comprende a maioría de textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural.	Comprende correctamente textos escritos de carácter expositivo de tema especializado, propios do ámbito académico ou de divulgación científica e cultural, identificando o tema e a estrutura.
Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas etc.	Mostra dificultades para revisar e mellorar textos orais e escritos propios e alleos.	Revisa e mellora nalgúns aspectos os textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia. Mostra dificultades para liquidar as ambigüidades semánticas.	Revisa e mellora de maneira notable os textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas etc.	Revisa e mellora de maneira excelente os textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas etc. Tamén mellora estilisticamente a redacción, incrementando a precisión e riqueza léxica.
Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, con gran dificultade.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, con algunhas dificultades.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse adecuadamente para documentarse.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando.
Incorpora os distintos procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	Non é capaz de incorporar procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	Incorpora poucos procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	Incorpora bastantes procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.	Incorpora moitos procedementos de cohesión textual na súa propia produción oral e escrita.
Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	Cústalle moito recoñecer as diferentes estruturas sintácticas, explicar as relacións que se establecen e empregar a terminoloxía axeitada.	Ten algunhas dificultades para recoñecer as diferentes estruturas sintácticas, explicar as relacións que se establecen e empregar a terminoloxía	Adoito recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.

3. SECUENCIAS DIDÁCTICAS. Actividades de aprendizaxe e recursos

Fase	Finalidade	Descrición da actividade	Recursos
INICIAL	Contextualización e exploración de ideas previas	- Activación de coñecementos previos, Rutina de pensamento e Visión 360°.	- Páxina inicial da unidade. Libro do Alumno
DESENVOLVEMENTO	Introdución de novos contidos	- Lectura e análise de textos expositivos sobre os contidos da unidade - escoita atenta e toma de apuntamentos - Posta en común das ideas adquiridas - Consulta de ligazóns en Internet	- Libro do Alumno - Libro dixital
	Estruturación dos coñecementos	- Realización das actividades propostas: ler, definir, expor, argumentar, debater, completar, resolver etc.	- Libro do Alumno
SÍNTESE	Aplicación do coñecemento e avaliación	- Compleción de mapa conceptual - Conceptos clave - Actividades dunha noticia.	- Libro do Alumno
	Motivación final	Textos expositivos sobre aspectos motivadores relacionados co tema da unidade.	Zona + Libro do Alumno
	Aplicación do coñecemento sobre léxico, semántica e ortografía	Actividades de aplicación relacionadas co léxico, a semántica e a ortografía.	Libro do Alumno

Unidade 2: Sintaxe II

1. MAPA DE RELACIÓNS CURRICULARES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>Comprensión interpretación e valoración de textos orais procedentes dos medios de comunicación social (xéneros informativos e de opinión, e da publicidade).</p> <p>Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.</p> <p>Participación en interaccións orais sobre temas de interese persoal ou social ou asuntos da vida cotiá, en diferentes rexistros.</p> <p>Aplicación dos coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecemento en exposicións orais propias e alleas das dificultades expresivas.</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p> <p>Comprensión, produción e organización de textos expositivos escritos do ámbito académico.</p>	<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>3. Comprender, interpretar e valorar textos orais xornalísticos e publicitarios.</p> <p>4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.</p> <p>9. Participar en interaccións sobre temas de interese persoal, ou social ou asuntos da vida cotiá, nun rexistro formal, neutro ou informal.</p> <p>10. Aplicar os coñecementos gramaticais á avaliación e mellora da expresión oral e recoñecer, en exposicións orais propias e alleas, as dificultades expresivas.</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p> <p>2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado discriminando a información relevante e accesoria e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.</p>	<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>3.1. Interpreta e identifica a intención comunicativa, o tema e a estrutura en anuncios sonoros e/ou audiovisuais. (CCL e CAA)</p> <p>3.2. Identifica as características propias dos principais xéneros informativos e de opinión dos medios de comunicación social. (CCL, CAA e CSC)</p> <p>3.4. Analiza de forma crítica a forma e contido das mensaxes publicitarias e evita usos lingüísticos discriminatorios. (CAA e CCL)</p> <p>4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. (CCL)</p> <p>4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. (CAA e CSC)</p> <p>4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. (CCL, CSC e CSIEE)</p> <p>9.1. Desenvólvese con eficacia en situacións que xorden na vida diaria así como noutras de estudo ou traballo e participa en conversas informais. (CCL, CSC e CSIEE)</p> <p>10.1. Recoñece en exposicións propias e alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, mal uso dos rexistros pobreza léxica, fonética e entoación inadecuada), e identifica interferencias lingüísticas e desviacións da norma. (CAA e CCL)</p> <p>10.2. Deseña estratexias para mellorar e progresar de xeito autónomo. (CAA)</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p>

<p>Procedementos para a obtención, tratamento e avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais.</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>Observación, reflexión e explicación das unidades e funcións sintácticas.</p>	<p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>4. Observar, reflexionar e explicar as distintas unidades e funcións sintácticas e aplicar os coñecementos sobre análise sintáctica na produción de textos.</p>	<p>2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito académico, distinguindo as ideas principais e secundarias. (CCL e CAA)</p> <p>4.2. Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando a información relevante. (CD e CAA)</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>4.1. Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada. (CAA)</p>
--	--	---

2. RÚBRICA DE AVALIACIÓN

Indicadores	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
<p>Axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa: tema, ámbito discursivo, tipo de destinatario, etc. empregando un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>	<p>Mostra importantes dificultades para axustar a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa.</p>	<p>Mostra algunhas dificultades para axustar a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa e para empregar un léxico preciso e especializado.</p>	<p>Habitualmente, axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa e emprega algúns termos precisos e especializados para evitar o uso de coloquialismos.</p>	<p>Sempre axusta a súa expresión verbal ás condicións da situación comunicativa respectando o principio de adecuación. Emprega un léxico preciso e especializado e evitando o uso de coloquialismos e palabras comodín.</p>
<p>Escoita de maneira activa, toma notas, e formula preguntas coa intención de aclarar ideas que non comprendeu nunha exposición oral.</p>	<p>Presta pouca atención ás exposicións orais. Non toma notas nin formula preguntas.</p>	<p>Escoita as exposicións orais e toma notas, pero non formula preguntas nin participa nos debates espontáneos da aula.</p>	<p>Escoita de maneira activa, toma notas, e formula algunhas preguntas coa intención de aclarar ideas que non comprendeu nunha exposición oral.</p>	<p>Escoita de maneira activa, toma notas, formula preguntas e expresa reflexións coa intención de profundar na comprensión e formar un xuízo propio.</p>
<p>Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito académico, distinguindo as ideas principais e secundarias.</p>	<p>Presenta dificultades notorias para sintetizar textos propios do ámbito académico. Non é capaz de distinguir as ideas principais e secundarias.</p>	<p>Sintetiza textos propios do ámbito académico de maneira parcialmente correcta. Non sempre é capaz de distinguir as ideas principais e secundarias.</p>	<p>Sintetiza textos propios do ámbito académico de maneira correcta, distinguindo as ideas principais das secundarias.</p>	<p>Sintetiza textos propios do ámbito académico de gran complexidade de maneira correcta, distinguindo sempre as ideas principais das secundarias.</p>
<p>Revisa e mellora textos orais e escritos propios e alleos, recoñecendo e explicando incorreccións de concordancia, réxime verbal, ambigüidades semánticas etc.</p>	<p>Mostra dificultades para revisar e mellorar textos orais e escritos propios e alleos.</p>			
<p>Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando.</p>	<p>Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, con gran dificultade.</p>	<p>Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, con algunhas dificultades.</p>	<p>Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación adecuadamente para documentarse.</p>	<p>Utiliza as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para documentarse, consultando fontes diversas, avaliando, contrastando, seleccionando e organizando.</p>

Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	Cústalle moito recoñecer as diferentes estruturas sintácticas, explicar as relacións que se establecen e empregar a terminoloxía axeitada.	Ten algunhas dificultades para recoñecer as diferentes estruturas sintácticas, explicar as relacións que se establecen e empregar a terminoloxía axeitada.	Adoito recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.	Recoñece as diferentes estruturas sintácticas, explica as relacións que se establecen e emprega a terminoloxía axeitada.
--	--	--	---	--

3. SECUENCIAS DIDÁCTICAS. Actividades de aprendizaxe e recursos

Fase	Finalidade	Descrición da actividade	Recursos
INICIAL	Contextualización e exploración de ideas previas	- Activación de coñecementos previos, Rutina de pensamento e Visión 360°.	- Páxina inicial da unidade. Libro do Alumno
DESENVOLVEMENTO	Introdución de novos contidos	- Lectura e análise de textos expositivos sobre os contidos da unidade - escoita atenta e toma de apuntamentos - Posta en común das ideas adquiridas - Consulta de ligazóns en Internet	- Libro do Alumno - Libro dixital
	Estruturación dos coñecementos	- Realización das actividades propostas: ler, definir, expor, argumentar, debater, completar, resolver etc.	- Libro do Alumno
SÍNTESE	Aplicación do coñecemento e avaliación	- Compleción de mapa conceptual - Conceptos clave - Actividades dun texto informativo: unha reportaxe.	- Libro do Alumno
	Motivación final	Textos expositivos sobre aspectos motivadores relacionados co tema da unidade.	Zona + Libro do Alumno
	Aplicación do coñecemento sobre léxico, semántica e ortografía	Actividades de aplicación relacionadas co léxico, a semántica e a ortografía.	Libro do Alumno

Unidade 3: O léxico do galego

1. MAPA DE RELACIÓNS CURRICULARES

Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliáveis
<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>Comprensión, interpretación e valoración de textos orais e audiovisuais de natureza diversa.</p> <p>Desenvolvemento das habilidades de escoita activa, cunha actitude de interese, de cooperación e de respecto.</p> <p>Participación nas producións orais cunha fonética e prosodia correcta, valoración desta pronuncia e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p> <p>Comprensión, produción e organización de textos</p>	<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>1. Comprender, interpretar e valorar diferentes tipos de discursos orais, audiovisuais e a situación en que se desenvolven. Captar o sentido global, a intención do discurso, a mensaxe e as súas ideas principais e secundarias.</p> <p>4. Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía, nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.</p> <p>11. Participar oralmente cunha fonética e prosodia correcta, valorar esta pronuncia e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p>	<p>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar</p> <p>1.1. Identifica a intención comunicativa, a idea principal e as secundarias, de calquera texto oral, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais. (CCL)</p> <p>1.2. Recolle as ideas fundamentais e secundarias en resumos, esquemas ou mapas conceptuais. (CCL)</p> <p>1.3. Interpreta, reflexiona e emite xuízos críticos sobre discursos orais de distinta natureza. (CAA)</p> <p>4.1. Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso. (CCL)</p> <p>4.2. Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas. (CSC e CAA)</p>

<p>expositivos escritos do ámbito académico.</p> <p>Procedementos para a obtención, tratamento e avaliación da información procedente de fontes impresas e dixitais.</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>Análise e explicación do léxico e dos seus procedementos de formación.</p>	<p>2. Sintetizar o contido de textos expositivos e argumentativos de tema especializado discriminando a información relevante e accesoria e utilizando a lectura como un medio de adquisición de coñecementos.</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>3. Recoñecer e explicar o proceso de formación das palabras e aplicar os coñecementos adquiridos para a mellora, comprensión e enriquecemento do vocabulario activo.</p>	<p>4.3. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume), a linguaxe corporal adecuada (mirada e posición do corpo), así como o autocontrol das emocións ao falar en público. (CCL, CSC e CSIEE)</p> <p>11.1. Recoñece a emisión dunha pronuncia galega correcta, identifica os erros na produción oral allea e produce discursos orais que respectan as regras prosódicas e fonéticas da lingua galega. (CCL e CAA)</p> <p>11.2. Recoñece e rexeita argumentadamente os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia propia da lingua galega. (CCL e CSC)</p> <p>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir</p> <p>2.2. Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito académico, distinguindo as ideas principais e secundarias. (CCL e CAA)</p> <p>Bloque 3. Funcionamento da lingua</p> <p>3.1. Explica os procedementos de formación das palabras. (CCL e CAA)</p> <p>3.2. Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica. (CAA)</p> <p>3.3. Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica. (CAA)</p>
--	--	--

2. RÚBRICA DE AVALIACIÓN

Indicadores	Niveis de desempeño			
	1	2	3	4
Sintetiza por escrito textos orais de carácter expositivo, de temas especializados e propios do ámbito académico, discriminando a información relevante.	Presenta dificultades notorias para sintetizar textos orais expositivos. Non é capaz de distinguir as ideas principais e secundarias.	Sintetiza textos orais expositivos de maneira parcialmente correcta. Non sempre é capaz de distinguir as ideas principais e secundarias.	Sintetiza textos orais expositivos de maneira correcta, distinguindo as ideas principais das secundarias.	Sintetiza textos orais expositivos de gran complexidade de maneira correcta, distinguindo sempre as ideas principais das secundarias.
Sintetiza textos de carácter expositivo, de tema especializado, propios do ámbito académico, distinguindo as ideas principais e secundarias.	Presenta dificultades notorias para sintetizar textos propios do ámbito académico. Non é capaz de distinguir as ideas principais e secundarias.	Sintetiza textos propios do ámbito académico de maneira parcialmente correcta. Non sempre é capaz de distinguir as ideas principais e secundarias.	Sintetiza textos propios do ámbito académico de maneira correcta, distinguindo as ideas principais das secundarias.	Sintetiza textos propios do ámbito académico de gran complexidade de maneira correcta, distinguindo sempre as ideas principais das secundarias.
Utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.	Normalmente, non utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.	Ocasionalmente, utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.	Habitualmente, utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.	Sempre utiliza a terminoloxía gramatical adecuada para a explicación lingüística dos textos.
Explica os procedementos de formación das palabras.	Cústalle moito explicar os procedementos de formación das palabras.	Ocasionalmente, explica os procedementos de formación das palabras.	Normalmente, explica os procedementos de formación das palabras.	Sempre explica os procedementos de formación das palabras.

Recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.	Ten abondas dificultades para recoñecer e explicar os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.	Ás veces, recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.	Adoito, recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.	Sempre recoñece e explica os tipos de morfemas así como a análise morfolóxica.
Recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.	Presenta dificultades notorias para recoñecer, analizar e explicar a estrutura morfolóxica.	Recoñece e analiza a estrutura morfolóxica, pero non sempre é capaz de explicala.	Acostuma recoñecer, analizar e explicar a estrutura morfolóxica.	Sempre recoñece, analiza e explica a estrutura morfolóxica.

1.SECUENCIAS DIDÁCTICAS. Actividades de aprendizaxe e recursos

Fase	Finalidade	Descrición da actividade	Recursos
INICIAL	Contextualización e exploración de ideas previas	- Activación de coñecementos previos, Rutina de pensamento e Visión 360°.	- Páxina inicial da unidade. Libro do Alumno
DESENVOLVEMENTO	Introdución de novos contidos	- Lectura e análise de textos expositivos sobre os contidos da unidade - escoita atenta e toma de apuntamentos - Posta en común das ideas adquiridas - Consulta de ligazóns en Internet	- Libro do Alumno - Libro dixital
	Estruturación dos coñecementos	- Realización das actividades propostas: ler, definir, expor, argumentar, debater, completar, resolver etc.	- Libro do Alumno
SÍNTESE	Aplicación do coñecemento e avaliación	- Compleción de mapa conceptual - Conceptos clave - Actividades dun texto informativo: unha reportaxe.	- Libro do Alumno
	Motivación final	Textos expositivos sobre aspectos motivadores relacionados co tema da unidade.	Zona + Libro do Alumno
	Aplicación do coñecemento sobre léxico, semántica e ortografía	Actividades de aplicación relacionadas co léxico, a semántica e a ortografía.	Libro do Alumno

Unidade 4: Relacións e unidades semánticas

1. MAPA DE RELACIÓNS CURRICULARES

	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe avaliábeis
- ✓ Empregar como dinámica habitual a **realización de tarefas**. Ao longo das distintas sesións haberá unha distribución equilibrada entre as explicacións e indicacións do docente e o traballo persoal do alumnado, para iso plantearase a realización de tarefas de maior ou menor dificultade que requiran a posta en práctica da explicación inicial ou outras habilidades e coñecementos xa adquiridos.
- ✓ Promover o labor de **facilitador/a do profesor/a**. O docente é quen guía o proceso de aprendizaxe, sempre promovendo a autonomía do alumnado. O obxectivo non se limita á adquisición de coñecementos teóricos, senón ao desenvolvemento de habilidades que lle permitan "aprender a aprender". Debemos ter en conta neste punto as especiais características da modalidade de bacharelato que impartimos no centro cunha escasa carga lectiva na que o profesorado pouco máis pode ser que un guía do proceso de ensino- aprendizaxe.
- ✓ **Contribuír á adquisición das competencias, á formación transversal e ao fomento da lectura**. As actividades propostas na aula terán un carácter integrado, de xeito que

favorezan a adquisición das competencias (nomeadamente Comprensión lectora, Expresión oral e escrita e Educación cívica) e a formación integral do alumnado, abordando transversalmente contidos fundamentais para a formación da actitude crítica e o desenvolvemento persoal. O hábito da lectura será promovido como forma de acceso ao coñecemento e como alternativa para o lecer.

En función do que xa se expuxo, enténdese que se combinarán **estratexias metodolóxicas** diversas, como:

- ✓ **Memorización comprensiva.** Para iso, os contidos presentaranse ben estruturados e relacionados entre si e, ao mesmo tempo, cos doutras áreas, para favorecermos a súa adquisición e consolidación, especialmente coa materia lingua castelá e literatura. Empregaranse recursos que favorezan ese establecemento de relacións como esquemas, mapas conceptuais e outros mecanismos de síntese.
- ✓ **Indagación e investigación sobre documentos** impresos e dixitais de distinto tipo. Certas propostas didácticas suporán a aplicación de técnicas de investigación apropiadas en cada caso concreto (convencionais e na liña das TIC), previamente expostas de xeito breve e moi sintético na aula.
- ✓ **Análise e comentario de textos literarios e non literarios.** O alumnado non só terá que localizar información en distintas fontes e diversos soportes informativos; valorala, contrastala e seleccionar os datos máis relevantes para a tarefa concreta na que foron requeridos, para elaborar traballos. Ademais, deberá realizar valoracións do contido e do estilo de distintos fragmentos literarios ou obras completas, de xeito coherente. Así, promóvese o desenvolvemento da actitude crítica.
- ✓ **Resolución de cuestións** de distinto nivel de dificultade. A práctica cotiá na aula xira ao redor desta proposta: ofréceselles unha información inicial para que logo realicen unhas tarefas variadas, de xeito que teñan que reutilizar os datos vistos e poñelos en relación con outros previos, construíndo a súa propia aprendizaxe.

Aínda que estas son as estratexias que se empregarán de xeito recorrente, non se descarta incluír outras que se consideren oportunas puntualmente ou con regularidade, sempre valorando que contribúan de xeito significativo ao desenvolvemento das habilidades relacionadas coa materia, favorezan a autonomía do alumnado, contribúan decisivamente á súa aprendizaxe e promovan a creatividade e a orixinalidade.

IV. A AVALIACIÓN

Os alumnos serán avaliados mediante **probas escritas obxectivas**, que se realizarán, como mínimo, unha vez en cada trimestre/avaliación. En casos excepcionais (individuais e puntuais) podería contemplarse a posibilidade de facer algunha destas probas de forma oral. Incluirán un bloque teórico e outro práctico, de xeito que un exame-tipo resolveríase con cuestión de comprensión e produción textual, preguntas relacionadas coa práctica de conceptos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos, dialectolóxicos e finalmente cuestións teóricas de literatura, sociolingüística ou historia da lingua. O obxectivo é que esta proba se pareza o máis posíbel a que o alumnado que se presente ás ABAU teña que afrontar.

Aínda que nas probas escritas non descontaremos dun xeito rigoroso e sistemático por faltas de ortografía, o certo é que a ausencia de faltas, a corrección gramatical, a riqueza léxica e a coherencia e cohesión discursivas serán aspectos que teremos moi en conta á hora de valorarmos a competencia expresiva do noso alumnado.

A maiores dos exames, os alumnos deberán **acreditar a lectura** dunha obra en cada trimestre/avaliación a escoller de entre os catro títulos ofrecidos en cada caso ou dunha indicada polo docente. Esta lectura trimestral terá un valor estimado polo docente dun total do 20% reservado para outros instrumentos. Os alumnos poderán sumar até un punto como máximo en cada avaliación pola realización doutras lecturas a maiores da obrigatoria, escollendo outros títulos da mesma listaxe ofrecida. Cada libro sumará 0.5 puntos, pero estes puntos non se contabilizarán para aprobar a asignatura; sumaranse a partir do 5, para mellorar a nota. Os títulos escolleranse entre os ofrecidos na mesma listaxe. Cómpre que o profesor sexa informado desta circunstancia, para coordinar a realización dun control oral ou escrito, onde se valorará tamén a capacidade e a propiedade da expresión oral/escrita. A lectura deberá ser acreditada, como mínimo, dúas semanas antes da avaliación.

En resumo:

Proba escrita 80%

Outras actividades indicadas polo docente (proba de lectura, exposicións orais, realización de actividades...) 20%

O alumnado **aprobará o curso** se acada unha media de 5 entre os tres trimestres entre o resultado de cada un dos exames trimestrais e as outras actividades indicadas polo docente. No caso de ter unha avaliación suspensa a nota mínima esixible nesa avaliación será de 3 puntos no exame. Se non se cumpren todos estes requisitos o alumno deberá presentarse ao exame final na convocatoria ordinaria para recuperar aquela parte da materia que teña pendente (incluídas as lecturas obrigatorias). Do mesmo xeito procederase na convocatoria extraordinaria de xuño. A nota final nestas convocatorias, ordinaria e extraordinaria, será a media dos exames das tres avaliacións considerando os resultados das recuperacións realizadas e sen considerar a aportación das lecturas a maiores efectuadas no seu momento.

Na **convocatoria extraordinaria de xuño** realizarase unicamente unha proba escrita de toda a materia., que terá o mesmo formato e condicións de execución que as probas de avaliación ordinarias. Polo demais, na nosa modalidade de bacharelato non existen materias pendentes. En todo caso, e dado que a nosa é unha materia de contidos progresivos, non se poderá superar o

curso superior sen ter previamente superado o inferior. Xa que logo, o alumno/a pode cursar a materia do curso superior e mesmo realizar os exames pero non será avaliado/a en tanto en canto non supere a do curso inferior.

Ademais de avaliar o alumnado, cómpre que avaliemos o proceso de ensino-aprendizaxe, a práctica docente e a propia programación. Revisarémola de maneira xeral (en canto ao nivel de desenvolvemento do currículo previsto) cada trimestre e ao final do curso académico farase unha análise máis pormenorizada da programación didáctica no seu conxunto e dos distintos epígrafes que a integran, tendo en conta os resultados académicos obtidos, o maior ou menor nivel de satisfacción do profesorado, e os diversos condicionantes e circunstancias que influíron durante o ano. No caso de detectarmos un desfase moi significativo entre as previsións e o desenvolvemento da materia, estableceranse medidas de compensación específicas, tentando reducir cuantitativamente os contidos, para o que se realizaría unha selección en función da relevancia dos mesmos e das necesidades do grupo concreto.

PROGRAMACIÓN DE PORTUGUÉS II (segunda lingua estranxeira)

I- INTRODUCCIÓN

A intensificación das relacións internacionais por motivos laborais, profesionais, culturais, turísticos ou de acceso aos medios de comunicación, entre outros, fai que o coñecemento de linguas estranxeiras sexa unha necesidade crecente na sociedade actual. Por outra parte, o desenvolvemento de novas tecnoloxías, converte as linguas estranxeiras nun instrumento indispensable para o inserimento no mundo laboral e a comunicación en xeral. O dominio de linguas estranxeiras implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias, favorece unha formación integral do individuo e permítenos coñecer mellor a nosa propia lingua.

A integración na Unión Europea de países con falantes en linguas diversas fai necesario o coñecemento de linguas estranxeiras para facilitar a comunicación entre os membros desta ampla comunidade. O Consello de Europa no seu documento *Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas* (MCERL) considera a aprendizaxe das linguas estranxeiras como unha prioridade para os cidadáns e cidadás da Europa xa que favorecerá a construción dunha Europa pluricultural e plurilingüe promovendo o coñecemento das distintas linguas e culturas e así aumentar o respecto por estas e a interacción entre a cidadanía europea.

Mediante o estudo das linguas estranxeiras, o alumnado debe adquirir competencia comunicativa nesas linguas e desenvolver unha certa tolerancia e competencia sociocultural que lle permita actuar con propiedade no contexto sociocultural propio da outra cultura. Todo isto facilitará a mobilidade plena das persoas e o intercambio de ideas. O proceso de ensino e aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global que favorece o desenvolvemento da súa personalidade, a integración social, a posibilidade de acceso a datos de interese, etc.

Todas estas consideracións –máis alá do feito de que a lingua portuguesa non deba considerarse, de regra, unha *lingua estranxeira* en Galicia- provocou a decisión de que entre a oferta de optativas para bacharelato do noso centro fose considerada a lingua portuguesa.

Non podemos deixar de ter presente que o portugués é unha das cinco linguas de maior proxección internacional, falada por 250 millóns de persoas. É lingua materna e oficial de oito países, distribuídos por catro continentes, e investir na súa aprendizaxe abre portas á promoción persoal e profesional nesta era de globalización na que vivimos e na que as linguas adquiren un gran valor económico. O portugués é lingua de traballo da UE, do Mercosul, da OEA

e a Unión Latina entre outros organismos supra-estatais. Estáselle, daquela, a ofertar ao alumnado unha aprendizaxe moi útil para a súa vida de relación e laboral.

O dominio da Lingua Portuguesa acrecenta as saídas laborais do noso alumnado sobre todo pola proximidade de Portugal: cada vez son máis as empresas ou particulares de Galicia que traballan en Portugal, ou para o país veciño, e demandan profesionais coñecedores do seu idioma. Tamén o Eixo Atlántico e a creación da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal contribúen a aumentar as relacións institucionais e de todo tipo entre os dous lados fronteirizos. Así, o alumnado galego é o que está nas mellores condicións da UE para aprender portugués dada a súa proximidade territorial e lingüística. En pouco tempo pode acadar un nivel óptimo de portugués, o que o converte; á parte de cuestións sentimentais, de agarimo e valoración positiva; nunha lingua e nunha materia atractivas para o alumnado.

O coñecemento do portugués inflúe tamén na valoración positiva do galego e reforza a aprendizaxe do noso idioma contribuíndo a purificalo de castelanismos. A proximidade física do territorio portugués favorece a práctica e o uso da lingua que se está a estudar nas aulas.

Convén dicir que no noso centro esta disciplina de Portugués como segunda lingua estranxeira impartiuse por vez primeira no noso centro no curso 2015-2016 só no primeiro de bacharelato. A partir de aí xa se ten realizado a oferta completa, como estaba previsto, tanto no 1º coma no 2º de bacharelato (Portugués I e II). A realidade destes cursos anteriores ten confirmado que, efectivamente, o alumnado de 1º de bacharelato escolle a opción do portugués como segunda lingua estranxeira sen ter coñecementos previos significativos por non ter cursado nunca esta materia. Daquela o primeiro curso está concibido como un nivel de iniciación (A1/A2) que se ampliará e afondará no segundo (B1), adecuándose así aos principios do MCERL (Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas) elaborado e publicado no 2001 polo Consello de Europa.

II - MATERIAIS E RECURSOS

A experiencia do curso inicial aconsellounos introducir algún manual como libro de texto de referencia para estes cursos do bacharelato. A opción elixida foi: **“Aprender português 1. Português para estrangeiros. Níveis A1, A2 (QECR)”** para o 1º de bacharelato e **“Aprender português 2. Português para estrangeiros. Nível B1 (QECR)”** para o 2º de bacharelato. Estes manuais foron elaborados polo *Departamento de Língua e Cultura Portuguesa da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa* a través do seu *Centro de Estudos de Língua Portuguesa*. As autoras son as profesoras Carla Oliveira, Luísa Coelho e Maria José Ballmann baixo a dirección e coordinación do profesor João Malaca Casteleiro, catedrático da Faculdade de Letras da Universidade de Lisboa e Presidente do Departamento de Língua e Cultura Portuguesa. Os manuais están editados pola editorial *Texto Editores, Lda.* na súa 4ª edición.

Os manuais elixidos ofrecen un conxunto de materiais pedagóxico-didácticos destinado a adolescentes e adultos estudantes de portugués como segunda lingua estranxeira a nivel de iniciación e dun primeiro afondamento na materia (pre-intermedio). Están elaborados segundo a metodoloxía da abordaxe comunicativa e están de acordo cos principios do Marco Común

Europeo de Referencia para as Linguas (QEER nas súas siglas en portugués). Os niveis de ensino-aprendizaxe abrangidos por este conxunto de materiais corresponden aos niveis A1 e A2, o primeiro curso, e ao nivel B1, o segundo (nivel Limiar na terminoloxía QEER). Ademais permiten tamén a adquisición dos coñecementos necesarios para a obtención do CIPLE (*Certificado Inicial de Português Língua Estrangeira*), o primeiro curso, e do DEPLE (*Diploma Elementar do Português Língua Estrangeira*), o segundo curso, que corresponden aos niveis I e II, respectivamente, do CAPLE (*Centro de Avaliação de Português Língua Estrangeira da Universidade de Lisboa*).

Estes manuais están destinados, pois, a un público diversificado, que nunca aprendeu portugués ou ten un coñecemento moi reducido da lingua portuguesa. Están estruturados en unidades didácticas organizadas en áreas temáticas e vocabulares que abranguen as situacións de comunicación prioritarias máis frecuentes. A gramática asociada ás unidades temáticas segue unha progresión lóxica e é desenvolvida de forma sistematizada, constituíndo así un valioso complemento da aprendizaxe. E os manuais contemplan, tamén, cadanseu CD de audio que contén os diálogos das unidades temáticas, acompañados de exercicios de fonética. Este CD constitúe un instrumento indispensable para perfeccionar a práctica da oralidade, nos aspectos da dicción e da prosodia.

Como materiais de apoio empregaremos:

- **“Gramática Ativa 1”** Lidel-edicións técnicas, Ida. 3ª Edición actualizada e aumentada. De Isabel Coimbra e Olga Mata Coimbra: Trátase dun manual concibido como material de apoio, con explicacións e exercicios de gramática a un nivel elemental, adecuado as niveis A1, A2 e B1 do QEER.

- **“Manual de Fonética. Exercicios e explicacións”** Lidel-edicións técnicas, Ida. De Francisco Espada: Manual de fonética, con CD-audio, adaptado ás necesidades dos niveis A1, A2 e B1 do QEER.

- Mención especial merecen os cursos colgados na **Aula Virtual** do centro para estas materias. Xa no ano académico 2015-2016 elaboramos o curso para o 1º de bacharelato, que, a partir de 2016-2017, pasou a denominarse **Portugués I(segunda lingua estranxeira)**. Para o 2º de bacharelato presentamos o correspondente curso **Portugués II(segunda lingua estranxeira)** nese mesmo ano académico 2016-2017. Estes cursos non supoñen aínda unha versión definitiva e pretendemos ilos actualizando e ampliando con novas achegas. Entre outras, pretendemos engadir en breve: Información xeral en distintos soportes sobre Portugal, Brasil e outros países lusófonos (destacando sobre todo os aspectos culturais e turísticos), Información xeral sobre literatura portuguesa, algunha escolma de textos, bibliografía e referencia de páxinas web de importancia (sobre calquera dos temas abordados), algunha escolma de música e músicos do Brasil e Portugal, etc.

Polo que respecta ao curso de 2º de bacharelato, **Portugués II**, o alumnado pode acceder aos mesmos recursos presentes no curso de 1º, mais conta a maiores cos seguintes recursos:

- A colección de videoaulas que baixo o título de **“Falamos portugués”** ten emitido o Canal Extremadura TV.
- Unha **colección de textos orais en portugués**, de diferente grao de dificultade, a través da páxina portugueselingq.com (*Learn portuguese online*).

III - CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS BÁSICAS

Sen dúbida as materias de linguas estranxeiras contribúen á **competencia en comunicación lingüística** pois ofrecen máis oportunidades para interactuar en situacións comunicativas e para reflexionar sobre a linguaxe en xeral a través da comparación entre as distintas linguas que se están a aprender.

Contribúen tamén, de xeito directo, á **competencia de aprender a aprender**, xa que será a través dela que o alumnado accederá a distintos tipos de información, textos e contidos que lle permitan acceder á aprendizaxe.

A aprendizaxe dunha lingua comprende non só os aspectos lingüísticos senón tamén as compoñentes socioculturais que subxacen no uso desa lingua. Por outra banda a lingua é vehículo de transmisión cultural, o seu coñecemento favorece o respecto e tolerancia por outras culturas, aceptando a diversidade de valores e superando prexuízos e favorecendo actitudes socialmente positivas. É neste sentido que a materia contribúe tamén ao desenvolvemento da **competencia social e cidadá**.

A contribución ao desenvolvemento da **competencia no tratamento da información e a competencia dixital** vén dada polo manexo dos recursos TIC para creación de distintos contextos comunicativos (chats, foros, blogs, correo electrónico...), uso das distintas ferramentas dixitais para manexar a información (CD, DVD, MP3, MP4, internet, presentacións Power Point...) e o uso de recursos específicos de aprendizaxe da lingua (programas de software, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores, correctores...). O uso habitual da propia páxina web do centro, do sistema de comunicación interna implementado a partir da aplicación Tok-App-School e da Aula Virtual do centro tamén contribúen a desenvolver esta competencia. Por último, e fundamentalmente, o uso dos cursos elaborados para esta materia na plataforma Moodle e colgados na Aula Virtual do centro como Portugués I e Portugués II. Nestes cursos o alumnado pode atopar toda a información de interese, en moitas ocasións en forma de enlaces a distintas páxinas web, ademais de contar cun foro propio para a comunicación entre o alumnado.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira ofrece igualmente oportunidades para o achegamento ás súas principais manifestacións artísticas e culturais, é así que se contribúe ao desenvolvemento da **competencia artística e cultural**.

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira supón, por último, a superación de dificultades e xera autoconfianza e autoestima, converténdose nunha ferramenta fundamental á hora de desenvolver aspectos relacionados coa autonomía propia e favorecendo o desenvolvemento da **competencia de autonomía e iniciativa persoal**.

IV – OBXECTIVOS XERAIS

- Interactuar de forma comprensíbel en situacións coñecidas de comunicación cotiá, utilizando frases simples, habituais e adecuadas á situación.
- Adquirir as competencias básicas para a comunicación en lingua portuguesa.
- Comprender textos simples, orais e escritos, sobre temas cotiáns e familiares.
- Construír, oralmente e por escrito, mensaxes simples e habituais en situacións de comunicación cotiá sobre temas que sexan familiares.
- Desenvolver estratexias persoais de comunicación e de aprendizaxe.
- Utilizar coñecementos básicos sobre as características fonéticas, estruturais e funcionais da lingua portuguesa para crear mensaxes comprensíbeis, para interpretar correctamente as mensaxes recibidas e para adquirir novos coñecementos a partir de documentos orixinais en lingua portuguesa.
- Utilizar coñecementos básicos sobre aspectos da cultura e da sociedade da lusofonía, e en especial de Portugal, para interactuar de forma adecuada en situacións coñecidas de comunicación cotiá.
- Valorar a lingua portuguesa en relación ás outras linguas faladas no mundo e apreciar as vantaxes que proporciona o seu coñecemento.
- Percibir e aproveitar a proximidade lingüístico-cultural entre Galicia e a Lusofonía, de modo que se desenvolva unha aprendizaxe significativa da lingua portuguesa.

V - OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PORTUGUÉS II (2º bacharelato)

- Relembrar algúns aspectos gramaticais vistos no curso anterior e asociados ao nivel A2.
- Relatar accións habituais no pasado e comparalas co presente.
- Expresar desexos, facer plans, facer reservas e pedidos.

- Relatar accións simultáneas e durativas no pasado. Relatar a realización prolongada de accións no pasado vs accións puntuais no pasado.
- Relatar acontecementos aos bombeiros, policía ou servizos de saúde.
- Relatar accións durativas con realización non rematada. Escribir cartas, notas, etc. Facer pedidos.
- Relatar feitos usando o estilo indirecto.
- Comprender textos publicitarios, informativos, médicos... Dar consellos, facer suxestións, dar ordes...
- Comprender noticias simples da prensa escrita. Relatar feitos cotiáns, noticias...
- Relatar acontecementos futuros. Expresar a intención de realización de accións no futuro. Expresar obrigación en relación a un acontecemento futuro. Expresar desexos de difícil realización. Relatar en linguaxe formal acontecementos en estilo indirecto.
- Relatar secuencias de accións. Pedir informacións sobre rutas e destinos turísticos.
- Pedir/dar informacións sobre asuntos rutineiros relacionados co traballo e/ou o estudo. Elaborar un currículo profesional. Responder a un anuncio para un emprego. Escribir unha carta formal.
- Facer propostas e contrapropostas. Argumentar.

VI- CONTIDOS: SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

1) SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS: Portugués II

PRIMEIRO TRIMESTRE

Unidade 0

- Revisión xeral do curso anterior.
- Verbos: presente e pretérito perfecto simple do indicativo: *verbos regulares e irregulares*.
- Pronomes: persoais, posesivos e demostrativos
- Preposicións (tempo e movemento)

Unidade 1

- Falar de actividades cotiáns no pasado.
- Verbos: pretérito imperfecto do indicativo (verbos regulares e irregulares).
 - Idade e horas no pasado.
 - Aspectos durativo e frecuentativo.
 - Accións habituais no pasado: *costumar + infinitivo*.

- Accións habituais no pasado vs presente do indicativo.

Unidade 2

- Expresar desexos e facer plans. Facer pedidos, solicitar información, facer suxestións.
- Verbos: pretérito imperfecto do indicativo (*querer, desear, gostar de, preferir, apetecer...*)
- Adverbios:
 - Lugar, tempo, modo, negación e afirmación.
 - Colocación dos adverbios na frase.

Unidade 3

- Falar do tempo libre no pasado. Facer descrições no pasado.
- Verbos: pretérito imperfecto do indicativo.
 - *Enquanto.*
 - *Quando (estar a + infinitivo).*
 - Pretérito imperfecto vs pretérito perfecto simple.

SEGUNDO TRIMESTRE

Unidade 4

- Relatos formais de acontecementos.
- Verbos:
 - Pretérito pluscuamperfecto composto do indicativo.
 - Participios pasados (formas regulares e irregulares).
- Pronomes clíticos:
 - Formas de complemento directo.
 - Colocación do complemento directo na frase.

Unidade 5

- Relacións sociais. Escribir cartas, notas, mensaxes breves, mensaxes electrónicas...
- Verbos: pretérito perfecto composto do indicativo.
- Pronomes clíticos:
 - Formas de complemento indirecto.
 - Colocación do complemento indirecto na frase.

Unidade 6

- Relatar feitos: estilo directo e estilo indirecto.
- Pronomes clíticos:
 - Regras de colocación dos pronomes na frase cos tempos compostos.

Unidade 7

- Relacións sociais: pedir instrucións, pedir axuda, dar consellos, ofrecer, aceptar e rexeitar ofertas, expresar prohibición, avisar, chamar a atención do interlocutor, iniciar a comunicación, formular votos, etc.
- Verbos: modo imperativo (verbos regulares e irregulares).

Unidade 8

- A actualidade.
- Verbos: participios pasados dobres.
- Complexos verbais: voz activa vs voz pasiva.
 - Transformación de frases.
 - Pasiva cos verbos *ser* e *estar*.
 - Pasiva reflexa coa partícula apasivante *se*.

TERCEIRO TRIMESTRE

Unidade 9

- Relacións sociais: vida privada e tempo libre. Expresión de futuro.
- Verbos: futuro imperfecto do indicativo (verbos regulares e verbos rematados en *-zer*), modo condicional.
- Complexos verbais: *haber de + infinitivo*, *ter de + infinitivo*.
- Estilo indirecto: transformación de frases de estilo directo (co futuro imperfecto do indicativo) a estilo indirecto (en modo condicional).

Unidade 10

- Viaxes e traslados.
- Verbos: infinitivo persoal ou conxugado.
 - Infinitivo persoal vs infinitivo impersoal.
 - Infinitivo conxugado con expresións impersoais (*ser/achar + adxectivo*).
 - Infinitivo conxugado con preposicións e locucións prepositivas.
- Interrogativas con pronome interrogativo e preposición.

Unidade 11

- Traballo, profesións.
- Verbos auxiliares de aspecto: conxugación perifrástica (*começar a*, *estar a*, *andar a*, *deixar de*, *acabar de*).
- Pronomes indefinidos.
- Pronomes clíticos: contraccións dos pronomes de complemento directo cos pronomes de complemento indirecto.

Unidade 12

- Argumentar, negociar propostas.
- Verbos:
 - Verbos que rexen preposición.
 - Verbos específicos: *apanhar*, *agarrar*, *pegar*, *pegar-se*, *tomar*.

VII - CONTIDOS MÍNIMOS

- Capacidade para comunicarse con corrección, oralmente e por escrito, en situacións habituais de comunicación e na realización de tarefas específicas.
- Comprender intervencións diversas, instrucións, preguntas, opinións, mensaxes de diversa tipoloxía.
- Participar en conversas, dar e pedir informacións, responder a cuestións.
- Capacidade de ler textos de maneira comprensiva e autónoma a fin de acceder a diversas fontes de información.
- Atinxir un importante corpus léxico.
- Percepción e reflexión sobre as características comúns e tamén trazos distintivos da lingua galega e a portuguesa, nos planos fónico, morfolóxico e semántico.
- Coñecemento da cultura que transmite a lingua estranxeira e respecto para ela e os seus falantes.
- Aprecio pola lingua estranxeira como medio de comunicación e achegamento con persoas de culturas diferentes.

VIII - CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Avaliación inicial

A comezo de curso, o alumnado realizará unha serie de actividades (proba escrita/oral ou similar) para comprobar o grao de adquisición que posúen no que respecta aos contidos da etapa anterior e aos do propio nivel cursado. Esta proba ten un carácter diagnóstico e non será parte da avaliación sumativa. Non obstante, recoñecemos a utilidade desta proba para localizarmos posibles casos de necesidades educativas especiais e tamén comprobar o nivel xeral de partida para un mellor desenvolvemento didáctico e pedagóxico da nosa materia.

Criterios de avaliación

Os alumnos serán avaliados mediante probas escritas obxectivas, que se realizarán, como mínimo, unha vez en cada trimestre/avaliación. En casos excepcionais (individuais e puntuais) podería contemplarse a posibilidade de facer algunha destas probas de forma oral, atendendo á diversidade do noso alumnado a través de adaptación tanto nos medios e formas coma nos instrumentos de avaliación.

Incluirán un apartado dedicado a cada unha das destrezas lingüísticas (comprensión oral e escrita e expresión oral e escrita). Cada unha destas partes da proba terá un valor dun 20%, polo que en total a suma dos valores para esta proba será un 80%.

Ademais, para seguir fomentando a expresión oral, o alumnado deberá realizar unha exposición oral trimestral sobre un tema relacionado coa lusofonía e a cultura lusófona que terá un valor dun 10% na nota trimestral.

Para alén disto, será preciso que o alumnado realice unha composición escrita (redação) sobre un aspecto da súa vida no pasado en que poña de manifesto a adquisición dos diferentes coñecementos traballados na aula. Este traballo terá un valor dun 10% na nota trimestral.

Aquelas persoas que non entreguen ou realicen a actividade de exposición oral ou/e a composición escrita no prazo establecido sen previo aviso e sen xustificación probada renuncian a esta parte da avaliación e serán avaliadas con o sobre 10.

Para superar o trimestre será necesario demostrar a adquisición dos coñecementos mínimos de cada un dos contidos e obter unha nota mínima de 5 ou máis. Para superar a materia será preciso obter unha media aritmética de 5 ou máis entre os tres trimestres.

Todas as datas de realización de probas escritas trimestrais, ordinarias e extraordinarias son oficiais e propostas polo propio centro.

Recuperación

En caso de non lograr acadar unha media de 5 ao final do trimestre, o alumnado terá a opción de recuperar aqueles trimestres que teña pendentes nunha avaliación final ordinaria a través dunha proba escrita e, en caso de non recuperar eses trimestre, deberá enfrontarse a toda a materia do curso nunha proba escrita que se realizará nunha avaliación extraordinaria. Todas as datas de realización de probas escritas trimestrais, ordinarias e extraordinarias son oficiais e propostas polo propio centro. En resumo,

Avaliación ordinaria: Recuperación daqueles trimestres en que se obtivese unha nota inferior a 5 e non se acadasen os contidos mínimos.

Avaliación extraordinaria: Recuperación de toda a materia independentemente de algúns puidesen estar superados

X - METODOLOXÍA DIDÁCTICA

As titorías presenciais adicaranse a incidir nos aspectos fundamentais de cada unidade, revisando os principios de fonética, gramática e léxico máis importantes. As titorías de orientación reservaranse para solucionar as dúbidas puntuais que o alumnado teña e corrixir individualizadamente exercicios e actividades. Asemade procuraremos traballar a comunicación e comprensión oral e a comprensión de diferentes lecturas, así como a expresión escrita de textos sinxelos con cohesión e coherencia.

A metodoloxía empregada nesta materia, ao ser segunda lingua, está baseada en desenvolver as capacidades básicas (escoitar, falar, ler e escribir). Por iso o proceso de ensino

procurará estar dirixido non tanto á transmisión de coñecementos como ao desenvolvemento por parte do alumnado de habilidades e estratexias de planificación da propia actividade de aprendizaxe.

Noutra orde de cousas, dada a importancia que teñen na actualidade as TIC, traballaremos sistematicamente cos recursos informáticos do centro, a partir dos cursos “Portugués I” e “Portugués II”(segunda lingua) a disposición do alumnado na Aula Virtual do centro. Intentaremos avanzar na liña de uso das TIC, cun emprego frecuente de presentacións, propias ou tiradas de internet, con materiais de tipo audiovisual e sonoro a partir de recursos obtidos da rede ou de elaboración propia. Iremos incorporando progresivamente máis recursos e contidos aos cursos da Aula Virtual do centro, para facilitar a utilización de materiais TIC nas clases e o seu acceso por parte do alumnado fóra das horas de clase, así como para mellorar a comunicación entre profesorado e alumnado e entre o propio alumnado, mediante os recursos que a Aula Virtual ofrece.

As orientacións básicas que guían a metodoloxía da nosa materia son as seguintes:

- Procurar impor unhas dinámicas de aprendizaxe de natureza interactiva, máis participativa, creativa e lúdica que reforcen a motivación do alumnado e potencien a súa madureza.
- Reforzar os aspectos prácticos da lingua, poñendo especial atención nas competencias lingüísticas activas, aproveitando as estruturas lingüísticas do galego que cada alumno/a ten xa interiorizadas para, a partir delas, afianzar o coñecemento gramatical, procurando prescindir na medida do posíbel do hábito dunha explicación teórica. Con todo, segue entendéndose evidentemente como necesaria a explicación inicial daquelas cuestións que se consideren imprescindíbeis para unha correcta orientación do traballo do alumnado. A realización de exercicios de tipo práctico permitirá o afianzamento dos coñecementos lingüísticos.
- Afondar no estudo do léxico, partindo do coñecemento do vocabulario máis concreto e próximo, ben organizándoo en campos léxicos xerais, de xeito que se tenda a enriquecer o vocabulario de maneira uniforme, ben partindo, de maneira menos sistemática, de textos literarios ou non literarios, láminas, recolleitas da lingua oral, etc.
- Adoptar un enfoque comunicativo no ensino e aprendizaxe da lingua estranxeira, adaptándonos aos parámetros que se marcan no MCERL. Para tal fin, promoveranse actividades de lectura, análise e comprensión de textos escritos de natureza moi variada, procurándose alcanzar boa competencia na corrección e expresividade da lectura en voz alta, na comprensión dos contidos e na capacidade para valorar de xeito crítico e persoal a información presente neles.
- Potenciar a oralidade na medida en que sexa posible nesta modalidade de ensino, fomentando, por un lado, a participación activa e espontánea do alumnado durante a dinámica das clases e organizando, por outro lado, actividades nas que o alumnado expoña contidos ou defenda argumentos perante os compañeiros (debates, exposicións orais...).
- Promover a utilización da diversidade de fontes (manuais, enciclopedias, internet...) e recursos para a obtención da información, para realizar unha selección crítica da mesma e empregala para unha correcta elaboración de textos propios, nos que se abra a posibilidade de emitir opinións persoais. Fomentarase o emprego de programas informáticos para a confección de traballos e actividades (procesador de textos e presentacións, basicamente).

- Propiciar, non só actividades individuais, senón tamén grupais, que favorezan o intercambio respectuoso de ideas, o discurso argumentativo e o espírito crítico e cooperativo.
- Promover a lectura de textos adaptados ao nivel (artigos, relatos, libros...) para fomentar, ademais do hábito lector, o perfeccionamento lingüístico, o melloramento da capacidade de expresión e para o mellor coñecemento da realidade literaria, cultural e social da lusofonía.

XI - ACTIVIDADES DE FOMENTO E REFORZO DA LECTURA

A lingua na súa dimensión literaria ten un importante aliado na lectura. O seu fomento entre os alumnos é unha fonte, non só de formación, senón de pracer. Haberá unha listaxe de lecturas recomendadas polo profesor, con carácter non obrigatorio e que sexan de interese para o alumnado, para conseguir que este adopte o gusto pola lectura en portugués.

A biblioteca do centro móstrase como un recurso de alto valor dentro da comunidade educativa, que se terá en conta á hora de programar as nosas actividades docentes. Procuraremos coordinar o noso labor co profesor responsable da biblioteca do centro para irmos dotando, pouco a pouco, a nosa biblioteca dunha selección de textos destacados da literatura en portugués.

XII - ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Polo que respecta ás actividades extraescolares, desbotamos a posibilidade de programar a viaxe ao norte de Portugal que tiñamos programada en anteriores cursos, pois a matrícula dos nosos grupos é demasiado escasa e o número de alumnado en activo a mediados de curso nesta modalidade é aínda moi inferior, co que non se dan as condicións necesarias para levar adiante a actividade. Polo mesmo motivo vemos moi pouco probable que poidamos organizar un intercambio con centro portugués ningún de non mellorar as condicións actuais.

Polo que respecta aos Obradoiros OPS (*Ops! O galego, a nosa vantaxe*), ofertados polo Concello de Pontevedra, consideramos que non ten moito sentido ofertalos para este alumnado, pois ofrecen unha información moi elemental e tanto nos contidos coma nos obxectivos non supoñen novidade ningunha con respecto aos cursos que vimos ofrecendo nesta modalidade de bacharelato. Si seguiremos mantendo a oferta destes obradoiros, mais dirixidos a alumnado da ESA presencial.

Daquela incluiremos nesta programación de actividades tan só a participación do noso alumnado nalgunha das actividades ofertadas desde o Instituto Camões, Centro Cultural Portuguê, en Vigo. Esta institución ofrece ao longo do curso unha ampla gama de actividades relacionadas coa lingua e a cultura portuguesas, como conferencias, concertos, exposicións, etc. Procuraremos promover a asistencia do noso alumnado a algunha destas actividades polo menos unha vez ao longo do curso.

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS

I- Xustificación previa

O Ámbito da Comunicación integra as materias de Idioma Moderno e a que comunmente recibe o nome xenérico de Comunicación. Estas pola súa banda inclúen as disciplinas de Inglés e Francés no primeiro caso e de Lingua Galega e Lingua Castelá no segundo. Neste último caso prodúcese unha situación peculiar pois dous departamentos distintos coinciden na impartición da mesma materia, xa que as dúas linguas reciben un tratamento integrado, e non individualizado, dentro da materia de Comunicación. Esta situación implica a necesidade de coordinación entre os dous departamentos para consensuar os aspectos didácticos básicos da materia para esta etapa educativa.

Cada un dos dous departamentos elaborará a súa propia programación xeral para o ano académico en curso. Nelas incluírase o documento común, previamente acordado, que recolla eses aspectos básicos da materia de Comunicación para a ESA (Educación Secundaria para as persoas Adultas) en todas as súas modalidades educativas.

Ademais das cuestións básicas, finalmente pareceu aconsellable recoller tamén no mesmo documento outros aspectos que non son exclusivos desta etapa educativa e que nas programacións de cada un dos departamentos figurarán nun apartado propio de carácter máis xenérico. Daquela, o documento que presentamos aquí vai semellar unha programación completa referida a esta etapa educativa pero incluída dentro dunha programación máis xeral: Unha “programación” dentro da programación.

Por último, cabe destacar que algún destes últimos aspectos referidos vai ser tratado aquí dunha forma xenérica que terá concreción no apartado correspondente da cada unha das programacións dos dous departamentos. É o caso, por poñer un exemplo, das Actividades complementarias e extraescolares, que se analiza de forma xeral. A concreción destas actividades para cada curso figurará no apartado correspondente da programación de cada departamento. Trátase de elaborar un documento completo que, aínda que revisable, resulte estable e duradeiro.

II- Introducción e contextualización

As linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. Asemade, achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais, favorecendo a competencia plurilingüe e intercultural.

A aprendizaxe lingüística non pode ser un fin en si mesma; unha lingua non se aprende para falar, ler ou escribir sobre ela, senón para falar, ler e escribir sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento do outro, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Deste xeito, a lingua é non só unha parte importante da cultura senón tamén o medio de acceso ás manifestacións culturais e o instrumento co que a cultura se crea, se interpreta e se transmite.

Na educación secundaria obrigatoria para persoas adultas o Ámbito da Comunicación toma como referente os aspectos básicos do currículo relativos ás materias de lingua castelá e literatura, lingua galega e literatura e a primeira lingua estranxeira. Desde este punto de partida, o Ámbito da Comunicación conforma unha proposta curricular coherente, integrada e orientada ao desenvolvemento das competencias comunicativas das persoas adultas e ao desenvolvemento das súas capacidades intelectuais e afectivas coa finalidade de que lles permita a súa inserción activa e responsable na sociedade e o seu desenvolvemento persoal. Esta organización do currículo fomentará así a autonomía do alumnado na aprendizaxe, a competencia plurilingüe e pluricultural, a dimensión intercultural e a estruturación e organización do propio pensamento, por seren todos aspectos que redundan nunha aprendizaxe máis efectiva. Dentro deste ámbito preséntase o estudo coordinado das dúas linguas da nosa comunidade para conseguir unha competencia plena en ambas, favorecer a actitude positiva cara a elas e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe. Os obxectivos do Ámbito da Comunicación só se poden acadar desde a perspectiva dese enfoque integrador das linguas.

A integración das materias lingüísticas faise necesaria especialmente no caso da aprendizaxe de persoas adultas se temos en conta que os coñecementos iniciais na primeira lingua funcionan como preconceptos na aprendizaxe das segundas, e que as operacións cognoscitivas que facilitan o descubrimento e o desenvolvemento lingüístico son comúns en todas elas, polo que se poden e se deben desenvolver ao mesmo tempo nos diferentes momentos do ensino para obter un efecto de reforzo. Ademais, o modelo metalingüístico empregado nas distintas linguas deberá de ser común para evitar interferencias entre os distintos procesos de aprendizaxe.

O centro EPA “Río Lérez” é un dos tres centros específicos de adultos da provincia de Pontevedra, considerando o centro penitenciario da Lama e o centro EPA “Berbés” de Vigo. Polo tanto, ao noso centro acode unicamente alumnado adulto (agás excepcións puntuais) e, en caso ningún, alumnado menor de 16 anos. A partir de aí a casuística é moi variada, desde alumnos moi novos que veñen

rematar aquí os seus estudos co obxectivo de atopar un traballo até alumnos ben maiores que veñen para continuar unha formación ao longo da vida.

O centro “Río Lérez” está nunha capital de provincia que recibe alumnado dos municipios do entorno. Malia esta variedade na procedencia xeográfica, a extracción sociocultural resulta bastante homoxénea, tratándose en calquera caso de alumnos con grandes dificultades para seguir estudos: desde alumnos con baixa capacidade intelectual a outros que levan moitos anos afastados dos estudos, con familias ás que atender e traballo que simultanean cos estudos. Polo tanto, o nivel co que nos atopamos é francamente baixo e o tempo que estes alumnos adican ao estudo, moi pouco, e na maior parte das veces, insuficiente. De aí tamén que o absentismo, o abandono e o fracaso escolar sexan moi altos e continua a loita do profesorado por evitar esas tres lacras.

III- Educación Secundaria para Persoas Adultas. Aspectos comúns.

1) Obxectivos

A-Obxectivos xerais da etapa:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os

estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de

relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

B-Obxectivos específicos do Ámbito da Comunicación:

1. Coñecer, respectar e valorar a realidade plurilingüe e cultural de España, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representan as linguas do Estado e as súas variedades lingüísticas e entender as situacións que provocan o contacto de linguas.
2. Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que condicionan o seu uso actualmente, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculos para o seu emprego en calquera contexto e situación.
3. Comprender discursos orais e escritos nas linguas galega e castelá nos diversos contextos da actividade sociocultural, persoal e académica; interpretalos cunha actitude crítica, aplicando a súa comprensión a novas situacións de aprendizaxe.
4. Desenvolver, nas linguas galega e castelá, a capacidade de construír un discurso oral e escrito, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, de acordo coas diferentes situacións comunicativas, integrando os recursos expresivos lingüísticos e non lingüísticos.
5. Adquirir conceptos lingüísticos xerais, reflexionar sobre os elementos formais e mecanismos das linguas nos planos fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.
6. Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre as linguas e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos, para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección, tanto en galego coma en castelán, e para tomar consciencia dos propios sentimentos e ideas e favorecer o control da propia conduta.
7. Adquirir as habilidades, actitudes e coñecementos necesarios que favorezan utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, valorar, seleccionar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información relacionada coa vida cotiá, académica e laboral.
8. Coñecer e empregar as normas que rexen o intercambio social das linguas e daquelas normas socioculturais que regulan a comunicación nos diferentes contextos, evitando estereotipos lingüísticos que supoñan xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.

9. Desenvolver os coñecementos, hábitos, habilidades e actitudes que fan posible a lectura de textos literarios, en galego e en castelán, como fonte de pracer, de enriquecemento, de coñecemento do mundo e do patrimonio cultural.

10. Adquirir as habilidades, as actitudes e os coñecementos necesarios para unha interpretación crítica das mensaxes dos medios de comunicación de masas e da publicidade, especialmente das que teñen relación coa vida cotiá e laboral.

2) Contribución da materia á adquisición das competencias clave

O Ámbito da Comunicación participa, como non podía ser doutro xeito, no desenvolvemento das competencias clave de educación secundaria:

■ *Comunicación lingüística (CCL).*

A aprendizaxe das habilidades lingüísticas e comunicativas garanten o manexo efectivo da comunicación no plano persoal, académico, social e profesional. O obxectivo último é a comprensión e expresión oral e escrita de diferentes tipos de textos de acordo coa intención e co contexto comunicativos.

■ *Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).*

A linguaxe é, así mesmo, a base para a comprensión de termos e conceptos técnicos e o instrumento para desenvolver o razoamento lóxico matemático e o pensamento científico.

■ *Competencia dixital (CD).*

A formación neste ámbito proporciona coñecementos sobre a linguaxe dixital básica e permite desenvolver as destrezas necesarias para o acceso e tratamento da información dixital e o manexo de aplicacións e outros recursos informáticos.

■ *Aprender a aprender (CAA).*

O ámbito da comunicación capacita para realizar un proceso reflexivo de aprendizaxe por ser a linguaxe un instrumento necesario para pensar, planificar, analizar e reaxustar o proceso e avaliar o resultado. Amais, potencia a adquisición de técnicas de estudo básicas e de estratexias para unha aprendizaxe autónoma,

eficaz e permanente ao longo da vida: uso de dicionarios, elaboración de esquemas e mapas conceptuais e as habilidades de síntese e resumo de todo tipo de textos.

■ *Competencias sociais e cívicas (CSC).*

Os contidos deste ámbito contribúen a desenvolver as destrezas lingüísticas e comunicativas necesarias para interpretar fenómenos e problemas sociais, para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como a capacidade de relacionarse de maneira construtiva en diferentes contornos sociais e culturais, aplicando as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo, inspirando confianza e amosando unha actitude respectuosa conforme a principios democráticos.

O ensino das linguas dentro deste ámbito debe contribuír á utilización e mellora de prácticas igualitarias no uso da linguaxe e á ampliación do repertorio lingüístico do alumnado, de maneira que poida desenvolverse con éxito en distintos contornos sociais.

■ *Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)*

Este ámbito permite adquirir as competencias lingüísticas e comunicativas indispensables para xestionar os propios coñecementos, habilidades e actitudes de forma creativa e innovadora e con criterio propio.

Aprender a usar as linguas é aprender a utilizar estratexias adecuadas a cada situación comunicativa de maneira autónoma. Deste xeito, o desenvolvemento de habilidades lingüísticas contribúe ao fomento da autonomía e iniciativa persoal.

■ *Conciencia e expresións culturais (CCEC).*

O ámbito da comunicación proporciona ao alumnado estratexias para coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico e cunha actitude aberta e respectuosa as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Os usos lingüísticos reflicten as actitudes cara ás linguas e os seus falantes, cara á diversidade lingüística e é obxectivo deste ámbito o desenvolvemento de actitudes positivas ante esta diversidade, así como a erradicación dos usos discriminatorios da linguaxe.

3) Contidos

Na materia de Comunicación preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais para alcanzar unha competencia plena en ambas as dúas, favorecer unha actitude positiva cara a elas, tendo en conta a situación social de minorización social da lingua propia, e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Existe unha serie de contidos que son transferibles entre as dúas linguas, como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer, porén, a existencia de aspectos específicos de cada unha delas, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambas as dúas.

Os contidos da Comunicación fan referencia á comprensión, interpretación e expresión da linguaxe verbal; os recursos e as características da comunicación oral e escrita en diferentes situacións, con interlocutores e fins diversos; o coñecemento da lingua: as normas ortográficas, as clases de palabras, relacións sintácticas e semánticas, as variedades lingüísticas, os usos discursivos da linguaxe e a tipoloxía textual; os conceptos básicos da sociolingüística e o coñecemento da situación sociolingüística de Galicia; as etapas, os autores, as obras e os xéneros máis representativos das literaturas en lingua galega e en lingua castelá.

A Comunicación preséntase, en cada módulo, dividida en cinco bloques:

O bloque 1 «Comunicación oral: escoitar e falar» atende o uso oral das linguas galega e castelá. Nel procúrase que o alumnado adquira as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente, interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque 2 «Comunicación escrita: ler e escribir» persegue que o alumnado sexa quen de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos, en lingua galega e en lingua castelá.

O bloque 3 «Funcionamento da lingua» responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación e arrédase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

O bloque 4 «Lingua e sociedade» céntrase na necesidade de que o alumnado coñeza, explique e valore o plurilingüismo como unha situación habitual e enriquecedora de todos os individuos. Asemade, incide na identificación e superación de prexuízos e na pertinencia de que o alumnado recoñeza e empregue termos sociolingüísticos precisos e os aplique á situación das linguas en Galicia.

O bloque 5 «Educación literaria» asume o obxectivo de facer do alumnado lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva, coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en lingua galega e en lingua castelá.

A organización e secuenciación dos contidos nos catro módulos realizouse tendo en conta que o currículo vai dirixido a persoas adultas de características diversas. Tivéronse en conta tres principios:

1- O seu nivel de dificultade, comezando coa tipoloxía textual que presenta un menor nivel de dificultade ou coa que o alumnado adulto está máis familiarizado.

2- A integración de contidos relativos aos cinco bloques temáticos. Canto á educación literaria, a introdución de contidos de historia literaria comeza nos módulos tres e catro. Destínase o módulo tres á historia das literaturas en lingua galega e en lingua castelá ata o século XX e o módulo catro á literatura dos séculos XX e XXI, por ser a máis próxima aos gustos do alumnado e a que mellor pode propiciar o desenvolvemento do aprecio pola lectura como fonte de coñecemento e pracer.

3- Reiteración en todos os módulos dos contidos que inciden na capacidade de lectura comprensiva e expresión oral e escrita do alumnado.

Contidos Módulo I

Unidade didáctica 1: Comunicación oral.

Esta primeira unidade do módulo 1 funciona como introdución a todos os contidos relacionados coas linguas que se estudarán ao longo do resto de unidades.

♣ O seu primeiro bloque trata da comunicación e da linguaxe como medio de expresión especificamente humana.

♣ Un segundo bloque amosa as características principais dos distintos tipos de textos orais que utilizamos decotío.

♣ O terceiro bloque explica a distribución das linguas europeas, das linguas do Estado español e da situación das linguas que se falan en Galicia, poñendo énfase na relación de familiaridade entre elas como, por exemplo, as linguas da lusofonía.

1. A comunicación e os signos.
 - 1.1. Elementos da comunicación e funcións da linguaxe.
 - 1.2. Linguaxe, lingua e fala: a comunicación oral e escrita.
 - 1.3. A lingua formal e informal: as normas de cortesía.
2. Clasificación dos textos orais.
 - 2.1. Textos orais informais: as conversas espontáneas.

- 2.2. Textos orais dos medios de comunicación.
- 2.3. Textos orais formais monologados e dialogados.
- 3. As familias lingüísticas e as nosas linguas.
 - 3.1. As linguas de Europa.
 - 3.2. O galego-portugués e os países da lusofonía.
 - 3.3. As linguas do Estado español.
 - 3.4. A normalización da lingua galega.

Unidade didáctica 2: Gramática da lingua

Nesta unidade ocupámonos de contidos de tipo ortográfico, fonético, morfolóxico, semántico e sintáctico. A súa finalidade non é tanto que o alumno asimile unha serie de conceptos teóricos ou de regras ortográficas como que as empregue á hora de elaborar as propias producións orais e escritas e, deste xeito, mellorar a súa calidade.

- 1. O alfabeto. Grafías e fonemas. A sílaba.
 - 1.1. O alfabeto.
 - 1.2. Sistema vocálico e consonántico do galego.
 - 1.3. A sílaba. Ditongos, tritongos e hiatos.
- 2. Acentuación, ortografía, puntuación.
 - 2.1. Acentuación.
 - 2.2. Ortografía.
 - 2.3. Uso de maiúsculas e minúsculas.
 - 2.4. Normas de puntuación. Uso do punto e coma.
 - 2.5. O procesador de textos e os correctores ortográficos.
- 3. Morfoloxía, sintaxe, semántica.
 - 3.1. Morfoloxía: as categorías gramaticais sustantivo, adxectivo e determinante.
 - 3.2. Introducción á sintaxe.
 - 3.3. Relación de significado entre palabras: sinonimia, antonimia e polisemia.

Unidade didáctica 3: Comunicación escrita

Desenvolveremos a comprensión e a elaboración de textos escritos. A comprensión fai referencia ao nivel de entendemento que acadamos dun texto escrito determinado. É fundamental descifrar o escrito correctamente e extraer o significado xeral e os específicos, para desenvolver calquera actividade.

- 1. A procura de información e as técnicas de estudo.
 - 1.1. Técnicas de estudo.
 - 1.2. O resumo, o esquema, o subliñado, os mapas conceptuais.
 - 1.3. O parágrafo. Ideas principais e secundarias.
 - 1.4. A procura de información: dicionarios, revistas, enciclopedias, motores de busca.

- 1.5. Traballos académicos.
2. Tipos de textos.
 - 2.1. Textos da vida cotiá.
 - 2.2. Textos dos medios de comunicación.
 - 2.3. Os textos prescritivos ou instrutivos.
 - 2.4. A publicidade.
3. A redacción de textos.
 - 3.1. Técnicas de redacción de textos. Coherencia, cohesión e adecuación

Unidade didáctica 4: Educación literaria

O obxectivo desta unidade é facer do alumnado persoas lectoras cultas e competentes, implicadas nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. Altéranse a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madureza cognitiva coas de textos literarios e obras completas representativas da literatura en galego e en castelán.

Aínda que a introdución de contidos de historia literaria comeza nos módulos 3 e 4, nesta unidade presentaranse os principais xéneros literarios e as súas características, buscando o desenvolvemento progresivo da autonomía lectora e da consideración da lectura como fonte de coñecemento do mundo e da persoa, así como a súa valoración como fonte de pracer.

1. Introducción aos xéneros literarios.
2. A lírica.
 - 2.1. O poema: a métrica e a rima. As estrofas.
 - 2.2. Principais recursos literarios.
 - 2.3. Principais subxéneros líricos.
3. Introducción aos textos narrativos.
 - 3.1. Principais subxéneros narrativos.
 - 3.2. A narrativa breve.
4. O xénero teatral. O espectáculo teatral.
 - 4.1. Características dos textos dramáticos.
 - 4.2. A representación.
 - 4.3. Breve evolución da escena ao longo da historia.

Contidos Módulo II

Unidade didáctica 5: Comunicación oral

Esta primeira unidade do módulo 2 complementa a primeira unidade do módulo anterior, profundizando contidos xa desenvolvidos antes, e achegando nova información.

♣ O seu primeiro bloque aborda o tema da expresión oral persoal, aplicada á lectura en voz alta, ao recitado de poemas, ou á exposición oral de contidos diante dun público, así como de todos os aspectos relacionados coa comunicación non verbal a través do propio corpo.

♣ Un segundo bloque explica os diferentes tipos de textos audiovisuais a través dos que nos informamos en medios como a radio, a televisión ou Internet. En relación co uso social da lingua, tamén aborda o controvertido asunto do uso politicamente correcto da lingua, evitando expresións discriminatorias (sexistas, xenófobas ou homófobas).

♣ O terceiro bloque afonda na distribución das linguas no mundo enteiro e a súa distribución en familias. Explica logo a orixe histórica das linguas e dialectos do estado español, e finaliza cunha exposición sobre a situación lingüística de Hispanoamérica.

1. Os textos orais.
 - 1.1. A lectura en voz alta e a recitación.
 - 1.2. Introducción á exposición oral.
 - 1.3. A linguaxe non verbal.
2. Os textos orais audiovisuais.
 - 2.1. Clasificación dos textos orais audiovisuais.
 - 2.2. Textos xornalísticos informativos de carácter oral.
 - 2.3. Lingua e discriminación.
3. As familias lingüísticas e as nosas linguas.
 - 3.1. As linguas do mundo e o ecolingüismo.
 - 3.2. Orixe das linguas do Estado español.
 - 3.3. Os dialectos do español.
 - 3.4. O español de América.

Unidade didáctica 6: Gramática da lingua

Nesta unidade ocupámonos, ao igual que ocorría na que leva idéntico título no módulo 1, de contidos de tipo ortográfico, fonético, morfolóxico, sintáctico e semántico.

1. Fonética, ortografía e puntuación.
 - 1.1. Fonética e fonoloxía do galego.
 - 1.2. Acentuación, ortografía e puntuación.
 - 1.3. O procesador de textos. Correctores ortográficos. Tradutores.
2. Morfoloxía e sintaxe.
 - 2.1. O pronome persoal.
 - 2.2. O verbo.
 - 2.3. Adverbio, preposición e conxunción.
 - 2.4. Sintaxe: as funcións de Suxeito e Predicado.

3. Semántica e cohesión textual.
 - 3.1. O campo semántico. Sinonimia, antonimia, polisemia, homonimia.
 - 3.2. Significado denotativo e connotativo.
 - 3.3. Procedementos de cohesión textual: repetición, deíxe, anáfora, elipse.

Unidade didáctica 7: Comunicación escrita

Nesta unidade didáctica seguiremos ocupándonos dos contidos presentados no módulo 1: Tipos de textos.

1. Tipos de textos.
 - 1.1. Textos narrativos.
 - 1.2. Textos dialogados. A linguaxe teatral.
 - 1.3. Textos descritivos.
 - 1.4. Tipos de descrições.
2. Os medios de comunicación. Textos xornalísticos de opinión. O artigo de opinión e o editorial. A reportaxe.
3. Textos descontinuos: táboas, gráficos, mapas, infografías.
4. Técnicas de redacción de textos: coherencia, cohesión e adecuación.

Unidade didáctica 8: Educación literaria

Nesta unidade didáctica trataremos das características da linguaxe literaria, é dicir, deses elementos que converten a lingua en literatura.

1. A linguaxe literaria: características xenéricas dos textos literarios.
 - 1.1. Características da linguaxe literaria.
 - 1.2. As formas de expresión literaria.
2. O texto narrativo: punto de vista, tempo e espazo, personaxes principais.
 - 2.1. Elementos de la narración.
3. O texto teatral: os subxéneros teatrais.
4. A análise de textos literarios. O comentario de textos.
5. A novela gráfica e o cómic. Texto e imaxe.
 - 5.1. A orixe do cómic.
 - 5.2. A linguaxe do cómic.
 - 5.3. Iconografía do cómic.
6. O cine: subxéneros cinematográficos.
 - 6.1. Características dos xéneros cinematográficos e categorías.

Contidos Módulo III

Unidade didáctica 9: Comunicación oral

Esta primeira unidade do módulo 3 está dedicada, como as dos módulos precedentes, ás técnicas de comunicación oral e aos temas de historia e sociolingüística da lingua galega.

♣ Os seus dous primeiros bloques explican as características formais das exposicións orais e os debates, suxiren as mellores estratexias que se deben seguir na súa preparación e realización e tamén ofrecen recomendacións para a súa posta en práctica, en especial con respecto á utilización das TIC (Tecnoloxías da Información e a Comunicación) como ferramentas de apoio para o desenvolvemento destas tarefas

♣ O terceiro bloque está dedicado á explicación das fases iniciais de formación das linguas romances e, en particular, da lingua galega. Aborda a orixe común do galego e o portugués e a relación actual que se establece entre todos os falantes desa lingua común inicial. Complétase cun percorrido pola evolución histórica e os avatares da lingua galega desde a Idade Media ata os inicios do século XX.

♣ O cuarto bloque describe as variedades xeográficas do idioma galego actual, do cal apuntamos os trazos máis salientables de cada zona. Tamén explica a necesidade dunha variante normativa de lingua que sirva como referente. E remata cun apartado que reflexiona sobre os pensamentos erróneos que se soen asociar ao uso da lingua galega.

1. A exposición oral.
 - 1.1. O guión. Ideas principais e secundarias.
 - 1.2. Uso das TIC nas exposicións orais.
2. O debate.
 - 2.1. Técnicas e estratexias do debate.
 - 2.2. Linguaxe formal e cortesía verbal.
3. Historia da lingua galega.
 - 3.1. Orixe e formación do galego.
 - 3.2. Historia social do galego até 1916.
 - 3.3. O portugués e os países da lusofonía
4. Sociolingüística do galego.
 - 4.1. Variedades xeográficas da lingua galega e o galego estándar.
 - 4.2. Prexuízos asociados á lingua galega.

Unidade didáctica 10: Gramática da lingua

Nesta unidade ocupámonos de contidos de tipo ortográfico, morfolóxico e semántico.

1. A puntuación e a cohesión textual. Normas de acentuación.
 - 1.1. A puntuación e a cohesión textual.

- 1.2. Acentuación.
2. Morfoloxía. As categorías gramaticais.
 - 2.1. Substantivo, adxectivo.
 - 2.2. Determinantes.
 - 2.3. Pronomes.
 - 2.4. Verbo.
 - 2.5. Adverbio, preposición, conxunción.
3. Semántica.
 - 3.1. Sinonimia e antonimia.
 - 3.2. Homonimia e polisemia.
 - 3.3. Campo semántico e campos conceptuais.

Unidade didáctica 11: Comunicación escrita

Desenvólvese a comprensión e a elaboración de textos escritos.

1. Tipos de textos.
 - 1.1. Textos literarios versus non literarios...
 - 1.2. Textos expositivos
 - 1.3. Textos descontinuos.
2. Traballos académicos.
3. Técnicas de estudo.
4. Técnicas de redacción de textos. A adecuación, a coherencia, a cohesión.

Unidade didáctica 12: Educación literaria

Iniciamos agora o estudo da literatura en galego e mais en español cun ambicioso percorrido dende as primeiras testemuñas ao longo dos séculos, nun vaivén desigual no caso da literatura galega e a española. Os principais obxectivos deste epígrafe son desenvolver e afianzar o hábito da lectura e coñecer e valorar as obras máis relevantes da literatura nas dúas linguas como mostras do noso patrimonio cultural.

1. Historia da literatura galega.
 - 1.1. Idade Media.
 - 1.1.1. A lírica medieval.
 - 1.1.1.1. Cantigas de amor.
 - 1.1.1.2. Cantigas de amigo.
 - 1.1.1.3. Cantigas de escarnio e maldizer.
 - 1.1.1.4. Cantigas de Santa María.
 - 1.1.1.5. A prosa na Idade Media.
 - 1.1.2. Os Séculos Escuros.
 - 1.1.3. Precursores e Rexurdimento.

- 1.1.3.1. Rexurdimento pleno.
- 2. Historia de la literatura castellana.
 - 2.1. Edad Media.
 - 2.1.1. Poesía lírica tradicional.
 - 2.1.2. Poesía narrativa medieval.
 - 2.2. Renacimiento (Siglo XVI).
 - 2.2.1. Poesía.
 - 2.2.2. Narrativa.
 - 2.3. Barroco (Siglo XVII).
 - 2.3.1. Poesía.
 - 2.3.2. Comedia Nacional.
 - 2.4. Neoclasicismo (Siglo XVIII).
 - 2.5. Romanticismo.
 - 2.6. Realismo y naturalismo.

Contidos Módulo IV

Unidade didáctica 13: Comunicación oral

Os contidos sobre comunicación oral e sociolingüística do módulo 4 recóllense nesta primeira unidade que presenta os seus contidos organizados deste xeito:

♣ O seu primeiro bloque trata a función social das linguas e os seus diferentes niveis de uso segundo a situación comunicativa e as características dos interlocutores.

♣ Un segundo bloque afonda na explicación dos medios de comunicación audiovisual que xa se estudaron en módulos anteriores.

♣ O terceiro bloque continúa o percorrido pola historia da lingua galega iniciado no terceiro módulo ata chegar ao galego do século XXI.

- 1. O uso social das linguas.
 - 1.1. Variedades diafásicas e diastráticas.
 - 1.2. A prosodia e a linguaxe non verbal.
- 2. Os medios de comunicación audiovisual.
 - 2.1. A linguaxe radiofónica e televisiva.
- 3. Sociolingüística da lingua galega.
 - 3.1. Historia da lingua galega desde 1916.
 - 3.2. Bilingüismo e diglosia. As interferencias lingüísticas.
 - 3.3. As funcións da lingua.

Unidade didáctica 14: Gramática da lingua

Nesta unidade imos afondar en moitos dos contidos que foron tratados en módulos anteriores coa finalidade de reforzalos e, ao tempo, enfrontarse a outros novos. Así, en ortografía imos ocuparnos dalgunhas palabras que adoitan presentar dificultades aos usuarios das dúas linguas oficiais de Galicia. Igualmente, dedicamos un espazo importante tanto á explicación das orixes do léxico das nosas linguas coma aos procedementos de formación de novos vocábulos. O enriquecemento do vocabulario vai incidir dun xeito decisivo na súa competencia comunicativa. Finalmente, ocuparémonos da estrutura da oración para que o alumno sexa quen non só de identificar os conceptos teóricos que aquí se explican, senón tamén, e fundamentalmente, de aplicarlos ás producións propias.

1. Léxico e semántica.
 - 1.1. Estrutura da palabra.
 - 1.2. Organización do léxico en castelán e galego.
 - 1.3. Semántica. Palabras tabú e eufemismos.
2. Ortografía, acentuación, puntuación.
 - 2.1. Acentuación.
 - 2.2. Grafías.
 - 2.3. Grupos consonánticos.
 - 2.4. Homófonos.
 - 2.5. Repaso de signos de puntuación.
 - 2.6. Fonética.
3. Sintaxe e construción textual.
 - 3.1. Os sintagmas.
 - 3.2. Enunciados e oracións.
 - 3.3. Estrutura sintáctica da oración simple. Complementos do predicado.
 - 3.4. Clasificación da oración segundo a natureza do predicado.

Unidade didáctica 15: Comunicación escrita

Desenvolveremos a comprensión e a elaboración de textos escritos.

1. Tipos de textos.
 - 1.1. Textos administrativos, legislativos e xurídicos
 - 1.2. Textos xornalísticos.
 - 1.3. Textos argumentativos.
2. Técnicas de redacción de textos. A cohesión gramatical

Unidade didáctica 16: Educación literaria

Esta última unidade do módulo imos adicala ao estudo da literatura dos séculos XX e XXI. É, polo tanto, un percorrido moi ambicioso ao longo de moitos anos, tendencias e xeracións literarias. Preténdese acadar unha visión panorámica dos

autores e obras máis representativos das literaturas en lingua galega e castelá. O obxectivo é que o alumno coñeza o fundamental deste amplo período e poida, cando dispoña de tempo, achegarse máis polo miúdo ao coñecemento e goce das obras dos autores/as que forman xa parte da historia das nosas literaturas.

1. Historia da literatura galega do Século XX.
 - 1.1. A literatura galega no primeiro terzo do século XX.
 - 1.1.1. A poesía no primeiro terzo do século XX.
 - 1.1.2. A prosa no primeiro terzo do século XX.
 - 1.1.3. O teatro do primeiro terzo do século XX.
 - 1.2. A literatura galega desde 1936 a 1976.
 - 1.2.1. A poesía desde 1936 a 1976.
 - 1.2.2. A narrativa desde 1936 a 1976.
 - 1.2.3. O teatro desde 1936 a 1976.
 - 1.3. A literatura do exilio entre 1936 e 1976.
 - 1.4. A literatura galega de 1976 á actualidade.
 - 1.4.1. A poesía desde 1976.
 - 1.4.2. A narrativa desde 1976.
 - 1.4.3. O teatro desde 1976.
2. Historia de la literatura castellana del Siglo XX.
 - 2.1. La literatura antes de la Guerra Civil.
 - 2.1.1. Modernismo y Generación del 98.
 - 2.1.2. La Generación del 14 o Novecentismo.
 - 2.1.3. Las vanguardias.
 - 2.1.4. La Generación del 27.
 - 2.2. La literatura desde la Guerra civil.
 - 2.2.1. Poesía de posguerra.
 - 2.2.2. Narrativa de posguerra.
 - 2.2.3. Teatro de posguerra.
 - 2.3. La literatura desde 1975.
 - 2.3.1. Poesía desde 1975.
 - 2.3.2. Narrativa desde 1975.
 - 2.3.3. Teatro desde 1975.
3. Literatura hispanoamericana del Siglo XX.

4) Contidos mínimos

Contidos mínimos M-I

Para superar o módulo, o alumnado deberá ser quen de:

- ✓ Expresarse con claridade, propiedade e corrección en ambas as dúas linguas, respectando as normas ortográficas, polo menos no que á palabra se refire.
- ✓ En textos expositivos en galego ou en castelán:
 - Diferenciar as ideas principais das secundarias.
 - Efectuar un resumo de dito texto.
 - Identificar correctamente os elementos do proceso comunicativo.
 - Recoñecer nun enunciado dado a función da linguaxe dominante.
 - Aplicar as regras xerais de acentuación, puntuación e ortografía en palabras de ambas as linguas.
- ✓ Comprender que nunha lingua existen variedades internas; analizar superficialmente as causas que as provocan, entender que é un rexistro lingüístico e identificar en textos os usos propios tanto da linguaxe coloquial como da formal.
- ✓ Recoñecer o substantivo e o pronome, o adxectivo e o determinante así coma os trazos propios da flexión nominal prestando especial atención á distribución dos flexivos en galego.
- ✓ Respecto á sociolingüística, valorar a diversidade lingüística do estado español, Europa e o mundo. Manexar adecuadamente os conceptos de bilingüísmo, diglosia e interferencia e valorar razoadamente a situación lingüística de Galicia.
- ✓ Adscribir un texto literario ao xénero literario que lle corresponde razoando tal adscripción.
- ✓ Ler a obra literaria proposta polo profesor/a.

Contidos mínimos M-II

Respecto dos contidos, para superar este módulo o alumnado terá que:

- ✓ Expresarse en ambas as linguas con claridade, propiedade e corrección, polo menos no que á ortografía da palabra se refire.
- ✓ Coñecer a clasificación dos textos orais.
- ✓ Aplicar as regras xerais de acentuación, ortografía e puntuación.
- ✓ Recoñecer o pronome persoal, o verbo, o adverbio, as preposicións e as conxuncións. Manexar adecuadamente a conxugación verbal en ambas linguas. Distinguir suxeito e predicado.
- ✓ Coñecer os diferentes tipos de relación semántica e ser capaz de efectuar adecuadamente exercicios de sinonimia, antonimia e hiperonimia.
- ✓ Distinguir os distintos tipos de textos segundo o modo do discurso.
- ✓ Valorar a diversidade lingüística e coñecer a orixe das linguas do Estado español.
- ✓ Coñecer as características da linguaxe literaria, nomeadamente dos xéneros narrativo e dramático.
- ✓ Ler a obra literaria proposta polo profesor.

Contidos mínimos M-III

Para superar este módulo o alumnado deberá ser capaz de:

- ✓ Coñecer as técnicas e estratexias da exposición oral e do debate.
- ✓ Aplicar as regras xerais de acentuación, ortografía e puntuación.
- ✓ Coñecer distintas técnicas de estudo e redacción de textos.
- ✓ Identificar as clases de palabras: substantivos, adxectivos, determinantes, pronomes, verbos, adverbios e preposicións.
- ✓ Valoración positiva do idioma galego, superando prexuizos.

- ✓ Coñecer a orixe, historia social e variedades xeográficas do galego.
- ✓ Coñecemento e valoración das literaturas galega e española.
- ✓ Ler a obra literaria proposta polo profesor.

Contidos mínimos M-IV

Para superar o módulo os alumnos deberán ser capaces de:

- ✓ Expresarse con propiedade, claridade e corrección en ambas as linguas aplicando as regras ortográficas básicas, polo menos no que á palabra se refire.
- ✓ Revisión da ortografía da palabra prestando especial atención a aqueles termos que presentan grafías diferentes en ambas as dúas linguas.
- ✓ Recoñecer os textos administrativos e xornalísticos; os usos lingüísticos propios dos mesmos e clasificalos axeitadamente.
- ✓ Incluír unha palabra na clase que lle corresponde e saber identificar os seus elementos estruturais.
- ✓ Recoñecer nun texto as oracións e, en consecuencia, puntualo convenientemente.
- ✓ Clasificar as oracións aplicando criterios estruturais, semánticos, a intención comunicativa do emisor e a natureza do predicado.
- ✓ Manexar axeitadamente os conceptos de bilingüismo, diglosia e interferencia e valorar razoadamente a situación lingüística de Galicia.
- ✓ Coñecemento e valoración das literaturas galega e española.
- ✓ Ler a obra literaria proposta polo profesor

5) Criterios de avaliación

MÓDULO I

Bloque 1 (Comunicación oral)

- Comprender e interpretar a intención comunicativa e a idea xeral de textos orais de diverso tipo, identificando e discriminando as ideas principais e as ideas secundarias do texto.
- Expor oralmente temas relacionados coa actividade académica e con noticias do seu interese.
- Valorar nas producións orais propias ou alleas unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.
- Participar activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos.
- Analizar criticamente as mensaxes que impliquen calquera tipo de prexuízo ou sexan discriminatorias.
- Coñecer, valorar e usar a lingua galega nas intervencións orais propias e alleas, tanto espontáneas como planificadas.
- Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais e informais, de forma individual ou en grupo.
- Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

- Comprender e interpretar textos escritos de diverso tipo identificando a súa estrutura comunicativa.
- Utilizar estratexias para a discriminación das ideas principais e secundarias do texto, analizar o seu contido e sintetizalo.
- Producir textos escritos de distinto tipo, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organizalas, elaborar unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.
- Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.
- Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

- Recoñecer, explicar e usar os elementos e funcións da comunicación.
- Recoñecer o sistema vocálico e consonántico da lingua galega. Coñecemento e produción dos sons propios da lingua galega.
- Recoñecer e aplicar as normas de ortografía: acentuación, usos das distintas letras, etc.
- Coñecer as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.
- Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: substantivos, adxectivos, determinantes e pronome persoal tónico.
- Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.
- Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do contorno inmediato, situacións e actividades cotiás, necesidades básicas.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

- Valorar positivamente o plurilingüismo como expresión de riqueza tanto para o propio individuo como para a humanidade.
- Coñecer as linguas de España.
- Coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que o integran.
- Coñecer e analizar a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo dos seus ámbitos familiares, escolares e do lugar onde viven.
- Adquirir vínculos positivos cara ao uso da lingua galega e asumir a importancia da contribución individual e colectiva no desenvolvemento do idioma.

Bloque 5 (Educación literaria)

- Ler de forma autónoma ou guiada obras de literatura adecuadas aos seus intereses, expondo a súa opinión persoal e relacionando o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e assimilar os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
- Diferenciar os grandes xéneros literarios e recoñecer as súas características a partir da lectura.
- Coñecer e usar as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.
- Utilizar, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.
- Coñecer e valorar a lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo e como fonte de pracer.

MÓDULO II

Bloque 1 (Comunicación oral)

- Comprender e interpretar a intención comunicativa de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Participar activamente en situacións de comunicación características das diferentes tarefas curriculares.
- Identificar e seleccionar as informacións adecuadas ao obxectivo da escoita, cooperación e respecto ante as intervencións dos demais e valoración das diferentes informacións.
- Recoñecer diferentes textos segundo a intencionalidade do emisor.
- Valorar as producións orais emitidas cunha prosodia e fonética correctas, respectando as normas que rexen a interacción oral e aplicando as normas sociocomunicativas.
- Valorar positivamente a utilización das linguas galega e castelá en todos os ámbitos lingüísticos.
- Valorar as normas de cortesía e os marcadores lingüísticos das relacións sociais coma o uso e selección de formas de tratamento, convencións no emprego da palabra e estratexias de interacción.
- Producir discursos breves e comprensibles sobre temas da vida cotiá, de interese persoal ou social.

- Ler en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

- Comprender e interpretar textos escritos de diverso tipo.
- Crear textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: buscar e desenvolver ideas, organízalas, facer unha primeira redacción, corrixir, reelaborar o texto e preparar a redacción definitiva.
- Utilizar de forma guiada a biblioteca escolar e outras bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información.
- Producir textos de distintos tipos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.
- Usar, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.
- Presentar os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.
- Valorar a actitude positiva ante a produción escrita nas linguas galega e castelá.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

- Coñecer as diferentes características da linguaxe oral e escrita e entre a linguaxe formal e informal.
- Recoñecer e usar a fonética das linguas galega e castelá.
- Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas.
- Analizar e usar correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
- Recoñecer, explicar e usar con corrección as categorías gramaticais seguintes: pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción.
- Comprender e utilizar estratexias para inducir as regras de concordancia e as funcións sintácticas de suxeito e predicado.
- Coñecer expresións e vocabulario de uso frecuente, referido a obxectos do contorno inmediato, situacións e actividades cotiás e necesidades básicas.
- Recoñecer e usar correctamente as relacións de sinonimia, polisemia e antonimia.
- Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.
- Recoñecer, usar e explicar os nexos e conectores textuais (espaciais, temporais, de oposición e de contraste) e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais coma léxicos.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

- Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.
- Describir a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.
- Coñecer e valorar as variedades da lingua castelá na Península Ibérica.
- Coñecer a situación da lingua castelá en América do Sur.

Bloque 5 (Educación literaria)

- Ler con regularidade obras literarias.
- Valorar o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe.
- Ler expresiva e comprensivamente textos literarios de diverso tipo, analizando a súa composición (tema, estrutura, elementos formais, principais recursos estilísticos, etc.) e identificando os trazos dos subxéneros.
- Producir, logo de planificación, valoracións persoais sobre as obras traballadas na aula.
- Escribir textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
- Valorar a lectura como fonte de pracer.

MÓDULO III

Bloque I (Comunicación oral)

- Comprender, interpretar e valorar textos orais expositivos e argumentativos.
- Valorar as producións emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.
- Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais.
- Producir textos expositivos e argumentativos en diferentes rexistros.
- Participar activamente e con argumentos en debates nos cales se expresen opinións acerca dun tema de actualidade.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

- Analizar textos literarios, identificar os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
- Comprender, interpretar e valorar textos expositivos e argumentativos.
- Producir textos expositivos e argumentativos.
- Usar os recursos que ofrecen as bibliotecas e as tecnoloxías da información e da comunicación para obter, organizar e seleccionar información.
- Manifestar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura de calquera tipo de texto para detectar prexuízos e discriminacións.
- Planificar producir e revisar textos con adecuación, coherencia, cohesión e con respecto polas normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

- Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.
- Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión sintáctica e textual.
- Analizar e usar correctamente as normas de acentuación.
- Recoñecer a estrutura de substantivos, adxectivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.

- Recoñecer e identificar os trazos característicos da categoría gramatical dos pronomes determinativos, dos pronomes persoais e dos adverbios, explicando os seus usos e valores nos textos.
- Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os diferentes conectores textuais.
- Reflexionar e explicar as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

- Recoñecer os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.
- Identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios até 1916.
- Coñecer e describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España.
- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.

Bloque 5 (Educación literaria)

- Identificar e comprender as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX.
- Seleccionar, ler e comentar de xeito autónomo textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX e relacionar o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
- Elaborar traballos individuais e/ou en grupo, nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.
- Consultar fontes de información e familiarizarse cos recursos das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización de traballos e cita axeitada destas.

MÓDULO IV

Bloque I (Comunicación oral)

- Identificar a intención comunicativa implícita e explícita, o tema, a idea principal e as secundarias, a tese e os argumentos de textos propios dos medios de comunicación.
- Comprender e interpretar textos orais expositivos e argumentativos utilizados no ámbito educativo (presentacións, relatorios e intervencións en mesas redondas).
- Coñecer, usar e valorar a adecuación, a coherencia, a cohesión e a claridade expositiva, así como as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas.
- Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

- Comprender e interpretar textos escritos de ámbitos diversos, mais especialmente os textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- Comprender e interpretar as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación.
- Identificar os usos lingüísticos que conteñan prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
- Empregar estratexias e técnicas axeitadas para producir escritos adecuados, coherentes e ben cohesionados desde o punto de vista comunicativo (planificación, organización, redacción e revisión).
- Producir, respectando as súas características formais e de contido, textos propios de distintos ámbitos: educativo, laboral, administrativo e xornalístico.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

- Recoñecer e explicar os valores de léxico preciso de diferentes categorías gramaticais, así como da fraseoloxía.
- Recoñecer e explicar os procedementos de creación de palabras, os valores dos morfemas e as súas posibilidades combinatorias para crear novos termos e identificar a súa procedencia grega ou latina.
- Aplica e valora as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.
- Recoñecer e usar enunciados e oracións, identificando as principais regras de combinación impostas polo verbos.
- Identifica adecuadamente en textos alleos e propios a estrutura, a construción e xustificación dos parágrafos, o vínculo e progresión temáticos, e elabora textos de acordo con estes parámetros.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

- Apreciar o plurilingüísmo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos sociais e privados.
- Identificar os elementos do proceso normalizador e adquirir vínculos positivos cara ao seu uso asumindo a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega.
- Recoñecer os principais elementos de evolución da lingua galega, así como identificar as causas e consecuencias dos feitos máis relevantes da súa historia social, e sinalar as distintas etapas desde 1916.
- Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar. Recoñecer interferencias habituais.
-

Bloque 5 (Educación literaria)

- Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.
- Ler e comentar de xeito autónomo obras representativas das literaturas en galego e en español do século XX e XXI e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período.
- Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.

6) Estándares de aprendizaxe

MÓDULO I

Bloque 1 (Comunicación oral)

Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación e doutros textos da vida cotiá.

Identifica e selecciona as ideas principais e secundarias dun texto oral.

Expón con claridade e orde temas relacionados coa actividade académica ou con noticias.

Valora e, de forma progresiva, desenvolve unha articulación clara, unha pronunciación adecuada e un uso adecuado das regras morfosintácticas.

Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.

Participa activamente en diálogos, debates e traballos cooperativos respectando a quenda de palabra e usando as formas de cortesía.

Respecta os argumentos dos demais, contrasta esa información e toma decisións.

Identifica expresións habituais que evidencian calquera tipo de discriminación e evita o seu uso.

Usa a lingua galega nos diferentes ámbitos de comunicación e ten unha actitude positiva ante o uso da lingua galega en calquera situación.

Elabora guións para organizar os contidos de exposicións orais formais ou informais.

Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal, manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con confianza e seguridade.

Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.

Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos de diverso tipo.

Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas, elabora esquemas coas ideas principais e secundarias e sintetiza o seu contido.

Utiliza esquemas ou outros recursos similares para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.

Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas, organizaas e elabora un bosquejo. Corrixe o texto (conforme ás normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabóao e prepara a redacción definitiva.

Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.

Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).

Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico. Presenta os traballos con limpeza e claridade.

O traballo contempla: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.

Busca información para ampliar e completar o contido da súa investigación a través de distintos recursos: revistas, artigos, enciclopedias e motores de busca especializados da internet.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

Coñece as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.

Recoñece o sistema vocálico e consonántico da lingua galega.

Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas, acentuación en hiatos, estranxeirismos, etc.).

Recoñece e aplica as normas de uso do B e do V e as normas de uso do H.

Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (substantivo, adxectivos, determinantes e pronome persoal) nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros.

Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, e utiliza este coñecemento para corrixir erros.

Coñece e usa unha terminoloxía básica.

Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

Coñece a diversidade de linguas que se falan no mundo, en Europa e na Península Ibérica e valora a riqueza desta diversidade lingüística.

Coñece os trazos evolutivos do galego-portugués desde o medievo até a actualidade e coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.

Coñece e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir da análise dos ámbitos que a rodean.

Analiza a súa práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e colectivamente á normalización da lingua galega.

Bloque 5 (Educación literaria)

Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector e expón unha opinión persoal sobre a lectura.

Asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.

Diferencia os grandes xéneros literarios e recoñece as súas características a partir da lectura.

Coñece e usa as estratexias e técnicas que axuden a analizar e interpretar o texto literario antes, durante e despois da lectura.

Utiliza, con progresiva independencia, todo tipo de bibliotecas, físicas ou dixitais.

Recoñece o valor da lectura como fonte de coñecemento do mundo e do individuo e goza coa lectura de textos literarios.

MÓDULO II

Bloque 1 (Comunicación oral)

Comprende e interpreta a intención comunicativa dos textos orais dos medios de comunicación.

Intervén espontaneamente en situación de comunicación oral e expón un punto de vista persoal. Formula preguntas e realiza comentarios pertinentes perante as intervencións doutros interlocutores. Respecta as intervencións dos demais.

Respecta as normas que rexen a interacción oral e aplica as normas sociocomunicativas. Usa as normas de cortesía.

Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correctas, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións de mellora.

Identifica as informacións e os datos relevantes en textos orais.

Identifica expresións habituais que evidencien calquera tipo de discriminación.

Usa con normalidade as linguas galega e castelá en todas situacións.

Recoñece a diferenza entre textos informativos, argumentativos, instrutivos e literarios.

Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

Comprende e interpreta textos de diverso tipo.

Crea textos escritos, en formato papel ou dixital, utilizando as seguintes estratexias: busca e desenvolve ideas; organiza as ditas ideas e elabora un primeiro borrador. Corríxeo (conforme as normas ortográficas, morfosintácticas e tipográficas), reelabora o texto e prepara a redacción definitiva.

Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e do sintagma verbal.

Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).

Utiliza, con progresiva autonomía, o catálogo en liña (OPAC) das bibliotecas.

Produce textos de distintos tipos, a partir dun modelo, en formato papel ou dixital.

Os seus traballos presentan: índice, presentación ou introdución, desenvolvemento, conclusión e bibliografía.

Usa, con progresiva autonomía, as tecnoloxías da información e da comunicación para planificar, revisar e mellorar o texto.

Presenta os textos escritos, tanto en formato papel coma en formato dixital, evitando calquera erro gramatical, ortográfico ou tipográfico.

Valora positivamente a produción escrita nas linguas galega e castelá.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

Coñece as diferentes características da linguaxe oral e escrita e as diferenzas entre a linguaxe formal e informal.

Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios das linguas galega e castelá.

Recoñece e usa as regras da acentuación (agudas, graves e esdrúxulas) e do til diacrítico.

Recoñece e aplica as normas de uso de LL/Y e de G /J en lingua castelá e de S/X nas linguas galega e castelá.

Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual.

Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais (pronomes persoais átonos, verbo, preposición, adverbio e conxunción) nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros.

Coñece as funcións sintácticas do suxeito e predicado, utiliza este coñecemento para corrixir erros.

Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.

Recoñece e usa correctamente sinónimos, antónimos e palabras polisémicas.

Recoñece e usa mecanismos de referencia externa: a deíxe, e de referencia interna: a anáfora, a catáfora e a elipse. Recoñece e usa nexos e conectores espaciais, temporais, de oposición e de contraste.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos; recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.

Describe a diversidade lingüística no mundo, en Europa e na Península Ibérica.

Coñece a evolución da lingua castelá e as súas variantes dialectais.

Coñece as orixes históricas da lingua castelá en América e as súas principais áreas xeográficas.

Bloque 5 (Educación literaria)

Le con regularidade obras literarias.

Describe o uso dos elementos propios de cada xénero literario, o punto de vista empregado e o uso estético da linguaxe nos textos literarios.

Le expresiva e comprensivamente e fai audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais recursos estilísticos.

Analiza textos literarios, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.

Analiza o contido das obras literarias traballadas, seguindo as pautas dadas: narrador, eu lírico, elementos do relato...

Desenvolve unha valoración persoal do texto lido, planificando o seu contido e argumentando sobre os aspectos que persoalmente chamaron máis a súa atención.

Escrebe textos de intención estética servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

Goza coa lectura de textos literarios.

MÓDULO III

Bloque I (Comunicación oral)

Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais e recoñece a intención comunicativa dos textos.

Diferencia as explicacións dos argumentos.

Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral e propón solucións para melloralas.

Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar coa pronuncia da lingua galega.

Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.

Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais utilizando unha linguaxe correcta e rica.

Utiliza o rexistro lingüístico axeitado a cada situación comunicativa.

Realiza exposicións educativas sinxelas.

En contextos de debate desenvolve argumentos de forma comprensible e convincente e comenta as contribucións das persoas interlocutoras.

Aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral, respecta as quendas e as opinións alleas e emprega unha linguaxe non discriminatoria.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

Analiza textos literarios, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.
Identifica as ideas principais e secundarias dun texto expositivo ou argumentativo e recoñece a intención comunicativa dos textos.
Diferencia as explicacións dos argumentos.
Produce textos expositivos e argumentativos elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores da internet para obter, organizar e seleccionar información.
Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.
Revisa os textos para resolver dificultades de contido e de forma.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá.

Analiza e usa correctamente as normas de acentuación e a puntuación. Revisa os textos.

Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.

Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoos coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.

Coñece e utiliza adecuadamente substantivos, adxectivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos.

Identifica e usa distintos tipos de conectores que lle proporcionan cohesión a un texto.

Identifica e explica as relacións semánticas: sinonimia e antonimia.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega.

Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916 e identifica as súas causas e consecuencias.

Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais e colectivos.

Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción nos diferentes ámbitos

Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos cara á lingua galega na súa práctica lingüística e na do seu contorno

Bloque 5 (Educación literaria)

Identifica as distintas épocas e períodos das literaturas en galego e en castelán desde as súas orixes ata o século XX e sinala os principais trazos característicos.

Le e comenta de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definatorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período correspondente.

Elabora traballos individuais e/ou colectivos, nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en castelán desde a Idade Media ata o século XX.

Consulta fontes de información para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.

Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos textos traballados na aula.

Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.

MÓDULO IV

Bloque I (Comunicación oral)

Comprende o sentido global de textos orais dos medios de comunicación audiovisuais, identifica o propósito, a tese e os argumentos de noticias, debates ou declaracións, determina o tema e recoñece a intención comunicativa do falante.

Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.

Identifica os recursos que proporcionan adecuación, coherencia e cohesión ao discurso.

Coñece e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e respecta as opinións alleas.

Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.

Bloque 2 (Comunicación escrita)

Emprega pautas e estratexias que facilitan a análise do contido (resumos, cadros, esquemas e mapas conceptuais).

Comprende, interpreta e valora textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos. Identifica a intención comunicativa, o tema e os subtemas.

Diferencia os trazos característicos dos textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.

Comprende e interpreta as mensaxes explícitas e implícitas que transmiten os textos publicitarios dos medios de comunicación (anuncios). Reflexiona e ten unha postura crítica ante tales mensaxes.

Reflexiona sobre os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou mensaxes discriminatorias con especial atención aos medios de comunicación e á publicidade.

Ordena as ideas e estrutura os contidos en unidades sintácticas consecutivas e encadeadas con conectores e outros elementos de cohesión.

Cóñece as regras ortográficas e as normas morfosintácticas e sérvese das ferramentas lingüísticas ao seu alcance (correctores, dicionarios e gramáticas) para aplicalas correctamente.

Revisa o texto para comprobar que a organización dos contidos do texto é correcta e que non se cometen erros ortográficos, gramaticais, de formato ou de presentación.

Produce, respectando as súas características formais e de contido, e en soporte tanto impreso como dixital, textos propios da vida cotiá pertencentes a distintos ámbitos.

Bloque 3 (Funcionamento da lingua)

Recoñece, explica e usa un léxico amplo e preciso de diferentes categorías gramaticais.

Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras. Recoñece os valores de prefixos e sufixos e as súas posibilidades combinatorias para crear novas palabras.

Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas das linguas galega e castelá nos discursos orais e escritos.

Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión sintáctica.

Recoñece a estrutura interna das oracións, identificando o verbo e os seus complementos. Usa a terminoloxía sintáctica correcta.

Clasifica oracións segundo a natureza do predicado.

Identifica a estrutura do texto, en construcións propias e alleas.

Elabora textos cunha estrutura apropiada, divididos en parágrafos e empregando os mecanismos de progresión temática.

Bloque 4 (Lingua e sociedade)

Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e argumenta cun discurso propio a súa postura.

Cóñece e describe a lexislación estatal e autonómica básica en materia lingüística.

Describe acertadamente con criterios sociolingüísticos a situación galega actual.

Distingue normativización e normalización.

Cóñece os principais axentes normalizadores en Galicia e valora a súa importancia.

Recoñece os principais elementos da evolución da lingua galega desde 1916 ata a actualidade.

Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada.

Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega.

Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega.

Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas.

Bloque 5 (Educación literaria)

Identifica, comprende e explica razoadamente os distintos períodos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.

Le de xeito autónomo obras ou textos representativos das literaturas galega de 1916 ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.

Elabora traballos individuais e/ou colectivos nos que se describen e analizan textos representativos das literaturas en galego e en español dos séculos XX e XXI.

Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas.

IV- Educación Secundaria para Persoas Adultas. Modalidade presencial. Aspectos específicos.

1) Temporalización ESA presencial

A educación secundaria para persoas adultas (ESA) contempla dous cursos cuatrimestrais por cada ano académico. O primeiro impártese desde a segunda quincena de setembro até mediados de febreiro, aproximadamente, e o segundo desde aí até a segunda quincena de xuño. En cada un destes cursos convócanse dúas sesións de avaliación: unha por cada bimestre. Daquela, no primeiro cuatrimestre convócase unha primeira sesión de avaliación bimestral a mediados de novembro, aproximadamente, e unha segunda sesión bimestral de avaliación na primeira quincena de febreiro. No segundo cuatrimestre a convocatoria da primeira avaliación bimestral soe ser aproximadamente a mediados de abril e a segunda a mediados de xuño. En ambos os dous casos na convocatoria do segundo bimestre realízase a avaliación final na súa convocatoria ordinaria. As convocatorias extraordinarias adoitan realizarse no mes de febreiro para o primeiro cuatrimestre e a finais de xuño para o segundo cuatrimestre.

Os cursos son, polo tanto, de catro meses e os exames parciais de avaliación son bimestrais (aínda que na realidade o tempo dispoñible é case sempre menor, e, ás veces, de forma moi sensible). Como cada módulo (curso) inclúe a impartición de catro unidades didácticas, corresponden dúas unidades para cada unha das convocatorias de avaliación bimestral. De modo xeral procurárase impartir unha unidade por mes de forma consecutiva, aínda que son posibles outras organizacións da materia por razóns operativas, mais sempre respectando a secuenciación de dúas unidades por bimestre. No Módulo I impartíranse, polo tanto, as unidades 1-4; no Módulo II, as unidades 5-8; no Módulo III, as unidades 9-12 e no Módulo IV, as unidades 13-16.

En cada bimestre o profesorado poderá contemplar todas as actividades avaliábeis que considere convenientes e, así mesmo, poderá propoñer os mecanismos de recuperación que considere. En calquera caso, como mínimo debe convocar dúas probas escritas ao longo do curso (Módulo), unha por bimestre. Como recuperación poderase optar por contemplar unha proba para cada bimestre ou ben remitir ao alumnado a unha única proba final global de recuperación onde cada alumno tería que presentarse coa parte da materia que tivese suspensa.

2) Instrumentos de avaliación e criterios de cualificación ESA presencial

A avaliación é a parte do proceso de aprendizaxe que comporta a recollida sistemática e organizada de información e a súa interpretación, de xeito que o profesorado poida reconducir o proceso educativo e corrixir os posibles erros e desviacións que se produzan no mesmo. Canto máis variados sexan os instrumentos que empreguemos na tarefa de recollida de información, máis atinada e obxectiva resultará a valoración final. Cómpre, pois, romper coa exclusividade do exame tradicional e reivindicar unha avaliación máis continua e permanente, baseada na constante observación do alumnado en situacións de naturalidade. A observación directa e o rexistro das intervencións é clave para que o alumnado tome conciencia da importancia que vai ter o seu compromiso na valoración final.

Do mesmo xeito que fixemos noutros capítulos desta programación, tamén no que atinxe aos instrumentos de avaliación parece pertinente abordar por separado o ensino *presencial* e o *semipresencial a distancia*. Abofé que o perfil do alumnado é distinto, pero, sobre todo, é moi desigual o tempo efectivo do que dispoñemos para enfrontar os contidos e interactuar co alumnado. A modalidade *presencial* baséase na asistencia regular ás actividades lectivas e no seguimento directo do alumnado, mentres que a modalidade *semipresencial a distancia* ten un 90% menos de períodos lectivos e nela cómpre manexar actividades de seguimento do alumnado que teñen un carácter non presencial. Nestas circunstancias, resultaría incongruente empregar as mesmas ferramentas para valorarmos o proceso de aprendizaxe.

Modalidade presencial

- **Proba escrita** (60% da nota global/100% da nota global para o alumnado con perda do dereito de asistencia ás clases e á avaliación continua).

Realizaremos, como mínimo, unha proba por bimestre; o alumnado terá que demostrar, a través de exercicios concretos, que asimilou os estándares das distintas unidades traballados na aula e que é competente no desenvolvemento dos temas tratados.

- *As preguntas do exame formularanse en función das capacidades que pretendamos avaliar. Como norma xeral, incluírán cuestión teóricas e prácticas e combinarán distintos tipos de preguntas (respostas curtas-longas, probas de composición, correspondencia ou emparallamento, analaxías-diferenzas, verdadeiro-falso...)*
- *Deberase indicar en cada pregunta o valor numérico dasesma.*
- *Os erros ortográficos e a mala presentación do exame poden supoñer unha penalización de ata 1 punto.*
- *Calquera proba considerárase suspensa (cualificarase con 0 puntos) se se detecta que un alumno copiou, permitiu que outros copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alieos).*
- *Só se repetirán probas cando o alumnado aporte un xustificante documental; realizarase o antes posible.*

- **Outros instrumentos avaliadores** (40% da nota global)

Como xa quedou dito, a modalidade presencial baséase na asistencia regular ás actividades lectivas. Daquela parece oportuno que ademais da proba escrita botemos man doutras ferramentas avaliadoras. A elección destes instrumentos e mesmo a cuantificación do peso de cada un deles na cualificación queda a criterio do profesorado, aínda que non debe superar o 30% da nota final.

- **Proba oral.** O alumnado deberá demostrar o seu dominio das dúas linguas que integran o ámbito. Esta proba pode concretarse de distintos xeitos: exposición dun tema teórico, exposición de tema libre, control de lectura de libros, explicación dunha presentación PowerPoint...
 - **Lecturas obrigatorias e/ou voluntarias.** O profesorado poderá propoñer a principios do curso unha listaxe de lecturas axeitadas para cada un dos módulos que serán de obrigada lectura. No caso das lecturas voluntarias, valorase a posibilidade de que sexa o propio alumnado quen elixa libremente os títulos. O control de lectura farase por escrito ou oralmente, con unha ou varias preguntas: situar un parágrafo no conxunto da obra, trazar o perfil dos personaxes, reflexionar sobre o espazo ou o tempo, mudar o desenlace da obra...
 - **Traballo na aula, na Aula Virtual e na casa.** O alumnado deberá demostrar unha actitude positiva cara á materia, que se debe reflectir no seu traballo na propia aula, na Aula Virtual e na casa, completando as tarefas que se encomenden e participando na súa corrección e posta en común. Cómpre, pois, establecer uns criterios previos que facilitan a valoración deste traballo e tamén é preciso sistematizar a recollida da información utilizando fichas ou escalas. O ideal sería que cada alumno tivese un mínimo de cinco chamadas/anotacións por bimestre no libro de profesor.
 - **Participación do alumnado nas actividades complementarias e extraescolares** que programen os dous departamentos que imparten o Ámbito de Comunicación.
 - **Realización de traballos obrigatorios e/ou voluntarios.**
1. Se, tras a suma dos distintos instrumentos de avaliación non se acada un mínimo de 5 na nota bimestral, os alumnos terán que realizar unha proba de recuperación do bimestre correspondente.
 2. A nota final do curso será a media aritmética dos dous bimestres, considerando as notas das recuperacións en caso necesario.

V- Educación Secundaria para Persoas Adultas. Modalidade a distancia semipresencial. Aspectos específicos.

1) Temporalización ESA distancia semipresencial

A educación secundaria para persoas adultas na súa modalidade de distancia semipresencial está estruturada temporalmente exactamente igual que na modalidade presencial: dous cursos cuadrimestrais por ano académico con avaliacións bimestrais. As avaliacións finais ordinarias tamén aquí coinciden coa convocatoria de exames do segundo bimestre, que, ademais, inclúen unha proba de recuperación do primeiro bimestre para aqueles alumnos que o tivesen previamente suspendido. Todas as convocatorias de avaliación coinciden nas datas coas da modalidade presencial, xa comentadas anteriormente (incluídas as das convocatorias extraordinarias correspondentes).

A Dirección do Centro EPA, a través da súa Xefatura de Estudos, convoca en cada cuadrimestre tres sesións de avaliación (co seu correspondente calendario de exames) para todos os Módulos e todos os Ámbitos desta modalidade educativa: unha primeira convocatoria cos exames do primeiro bimestre, unha segunda cos exames do segundo bimestre (e recuperación do primeiro) que coincide coa avaliación final ordinaria e unha terceira convocatoria para realizar a avaliación extraordinaria correspondente. Este procedemento está institucionalizado no noso Centro desde hai xa moitos anos e continúa mantendo a súa operatividade e vixencia, polo que a estas convocatorias “oficiais” está chamado a presentarse a totalidade do alumnado do Centro desta modalidade, incluídos, por suposto os do Ámbito da Comunicación. De modo ningún pode contemplarse o caso de que haxa alumnos desta modalidade dispensados de realizar algunha destas probas. Todo o alumnado que non se presente será avaliado como non presentado na proba correspondente e computará como un 0 no apartado das probas obxectivas.

Polo que respecta á distribución das unidades didácticas por módulo, en todos os casos será idéntica á descrita para a modalidade presencial. Son dúas unidades por bimestre e catro no conxunto do módulo cuadrimestral. A diferenza da modalidade presencial aquí non se imparten clases exactamente senón que se ofrecen unhas titorías, de carácter presencial, de un único período semanal que teñen por obxecto orientar o traballo que o alumnado realiza de seu na casa. Nestas titorías o alumnado ten ocasión de resolver dúbidas ou facer consultas directamente ao profesor titor e este ten ocasión, así mesmo, de ofrecer ao conxunto do alumnado explicacións xenéricas dos contidos máis relevantes das distintas unidades didácticas, sobre todo daqueles que teñen un carácter máis procedemental.

Daquela, nesta modalidade de distancia semipresencial, o alumnado debe realizar a maior parte do traballo académico e de estudo pola súa conta na casa, para o que resulta inestimable a axuda que ofrecen os cursos correspondentes da Aula Virtual que inclúen múltiples ferramentas e documentos de apoio, como aparece descrito no apartado correspondente aos materiais didácticos.

A seguir ofrécese algunhas recomendacións sobre o tempo que o alumnado debería adicar ao estudo na casa de cada unha das unidades dos distintos módulos, expresadas en horas de estudo semanais. Tamén se indica a previsión de titorías presenciais que debería ocupar cada unha das unidades expresada en semanas, que se corresponden con períodos lectivos, xa que contamos con un único período lectivo semanal nesta modalidade.

Temporalización M-I

Unidade 1. Comunicación oral: Trátase dunha unidade introdutoria ao Ámbito de Comunicación que presenta uns conceptos iniciais básicos da materia. Recoméndase repartir o traballo de estudo e elaboración das actividades propostas e complementarias ao longo de dúas semanas. Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver os apartados 1 e 2, nunhas seis horas de estudo. O apartado 3 prepararíase nunhas catro horas de estudo noutra semana.

Unidade 2. Gramática da lingua. Nesta unidade vanse estudar conceptos básicos de fonética, ortografía, sintaxe e semántica. Os contidos que aquí asimile o alumno seranlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa oral e escrita e, tamén, para assimilar os coñecementos que aparecen nas outras unidades deste módulo. Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e realización das actividades propostas e complementarias ao longo de cinco semanas. A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 1.; na segunda e terceira ocuparase do apartado 2; na cuarta e quinta, do apartado 3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 3. Comunicación escrita. Nesta unidade vanse estudar tres tipos de conceptos: técnicas de estudo, introdución á tipoloxía textual e, por último, técnicas de redacción de textos. Os contidos que aquí asimile o alumno seranlle útiles para mellorar a súa competencia comunicativa escrita. Recoméndase repartir o estudo dos materiais teóricos e a realización das actividades propostas ao longo de catro semanas. Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartados 1 nunhas catro horas de estudo. O apartado 2 prepararíase nunhas seis horas de estudo ao longo de dúas semanas. E, por último, na cuarta semana o apartado 3.

Unidade 4. Educación literaria Dedicaremos unha media de tres sesións lectivas a esta unidade 4; na primeira semana desenvolveranse os apartados 1 e 2; na segunda, o 3 e na última o 4 cos seus respectivos subapartados. Tamén deberá dedicarlle o alumno un mínimo de tres horas semanais ao seu estudo na casa, levando a cabo as lecturas e os exercicios propostos na unidade.

Temporalización M-II

Unidade 5. Comunicación oral

Esta unidade completa a UNIDADE 1 traballada no módulo anterior. Presenta unha estrutura en tres bloques de contido que poderían prepararse apoiando o traballo de estudo coa realización das actividades propostas e complementarias ao longo de dúas semanas. Unha primeira semana destinaríase a desenvolver os apartados 1 e 2, nunhas seis horas de estudo. O apartado 3 prepararíase nunhas catro horas de traballo da semana seguinte.

Unidade 6. Gramática da lingua

Esta unidade vai reforzar contidos xa traballados na unidade 2 do módulo anterior. Presenta unha estrutura en tres bloques de contidos aos que deberá dedicar un total de cinco semanas. Nas dúas primeiras ocuparíase o alumno do apartado 1, na

terceira e cuarta, do apartado 2 e na última, do apartado 3. En todas as semanas debe dedicar un mínimo de seis horas á asimilación dos contidos presentados e á realización das actividades propostas e complementarias.

Unidade 7. Comunicación escrita

Esta unidade vai reforzar contidos xa traballados na UNIDADE 3 do módulo anterior. Presenta unha estrutura en dous bloques de contidos aos que o alumno deberá dedicar un total de catro semanas. Nas tres primeiras semanas ocupárase o alumno do apartado 1, na cuarta, do repaso do visto e do apartado 2. En todas as semanas o alumno debe dedicar un mínimo de seis horas á asimilación dos contidos presentados e á realización das actividades propostas.

Unidade 8. Educación literaria

Nesta unidade recoméndase repartir o traballo de estudo e elaboración das actividades propostas e complementarias ao longo de tres semanas. Unha primeira semana estaría destinada a desenvolver os apartados 1 e 2, nunhas seis horas de estudo; os apartados 3 e 4 prepararíanse nunhas catro horas de estudo noutra semana e os apartados 5 e 6 veríanse nunha terceira sesión. Como sempre, o traballo persoal na casa é fundamental e necesario para acadar uns resultados positivos na formación e posterior avaliación.

Temporalización M-III

Unidade 9. Comunicación oral O tempo que se lle debería dedicar á preparación desta unidade sería de tres semanas. Unha primeira centraríase na realización das actividades dos bloques 1 e 2 e na posta en práctica dalgunha exposición oral e dalgún debate. Unha segunda semana estaría dedicada ao estudo dos contidos teóricos do bloque 3 e ao cumprimento dos exercicios propostos. A terceira semana completárase coa elaboración dos exercicios do bloque 4, xa que está composto duns apartados con contidos fundamentalmente prácticos e de reflexión persoal.

Unidade 10. Gramática da lingua Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de revisalos, pero tamén de afondar neles. Ocuparémonos de puntuación, acentuación, morfoloxía e semántica. Dedicaremos a esta unidade catro semanas. A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 1; na segunda e terceira ocuparase do apartado 2; na cuarta, do apartado 3. Recomendamos que dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 11. Comunicación escrita Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade de repasar, afondar, nuns casos, e noutros introducir nestes temas ao alumnado que se incorporase neste momento ao ensino de adultos. Dedicaremos a esta unidade catro semanas. A primeira e a segunda semana estarían destinadas a desenvolver o apartado 1; na terceira ocuparase dos apartados 2 e 3; na cuarta, do apartado 4. Recomendamos

que dedique un mínimo de tres horas semanais ao traballo a cada apartado desta unidade.

Unidade 12. Educación literaria Debido á extensión dos contidos desenvolvidos na unidade, será preciso dedicar á explicación e organización dos mesmos un total de 4 semanas. Igualmente, na casa, deberá dedicar varias sesións máis ao estudo dos diferentes períodos e autores. As dúas primeiras semanas dedicaranse á organización dos textos e autores da literatura galega, dende as súas orixes ata finais do século XIX, e as dúas semanas restantes farase outro tanto coa literatura en lingua castelá

Temporalización M-IV

Unidade 13. Comunicación oral A preparación desta unidade precisaría de tres semanas de estudo e traballo. Habería que dedicarlle unha semana a cada un dos bloques que compoñen a unidade. Tres horas semanais no caso dos dous primeiros bloques, asignadas á comprensión e asimilación dos contidos teóricos e a realización das actividades. No caso da terceira semana de traballo, sería conveniente distribuír ao longo de catro horas o labor de estudo e cumprimento dos exercicios suxeridos no último bloque da unidade.

Unidade 14. Gramática da lingua Nesta unidade imos abordar contidos de léxico e sintaxe e tamén repasaremos aspectos de semántica, ortografía, puntuación, fonética e acentuación. Combinamos, pois, conceptos novos coa revisión doutros que xa foron aparecendo en módulos anteriores. Dedicaremos a esta unidade catro semanas. As dúas primeiras semanas estarían destinadas a desenvolver o apartado 1, na terceira ocuparase do apartado 2, na cuarta, do apartado 3. Recomendamos que o alumno dedique un mínimo de seis horas semanais ao traballo con esta unidade.

Unidade 15. Comunicación escrita. Nesta unidade imos abordar contidos dos que xa nos ocupamos nos módulos anteriores coa finalidade, nuns casos, de repasar e afondar e, noutros, de introducir nestes temas ao alumnado que se incorpora agora ao ensino de adultos. Dedicaremos a esta unidade catro semanas. A primeira semana estaría destinada a desenvolver o apartado 2.1.1, a segunda traballaríase o apartado 2.1.2, na terceira ocuparase do apartado 2.1.3, na cuarta, do apartado 2.2. Recomendamos que dedique un mínimo de tres horas semanais de traballo e investigación a cada apartado desta unidade.

Unidade 16. Educación literaria A última unidade do módulo está dedicada ao estudo da literatura do século XX nas dúas linguas que conforman o ámbito (a galega e a castelá). Debido á súa extensión, organizaremos a explicación ao longo de catro semanas, dúas para a literatura en lingua galega e outras dúas para a literatura en lingua castelá. O alumnado deberá dedicar pola súa conta varias sesións máis á comprensión e aprendizaxe destes contidos, así como á lectura dos textos e exercicios propostos. Dispón, ademais, dun anexo literario onde atopará unha escolma de textos representativos das literaturas nas dúas linguas, así como os principais recursos literarios e nocións básicas de métrica.

2) Instrumentos de avaliación: modalidade a distancia semipresencial

Na modalidade a distancia semipresencial as actividades lectivas de carácter presencial non consisten na impartición dunha clase tradicional coa metodoloxía convencional, como sucede na modalidade presencial. Aquí o profesorado é o titor do grupo, titoriza o traballo do alumnado para guialo no estudo que fundamentalmente se realiza a distancia. Para iso conta simplemente con un período lectivo semanal de carácter presencial para o alumnado ademais doutro período semanal para a atención telemática: teléfono, correo electrónico, páxina web e Aula Virtual.

Nestas titorías presenciais o alumnado ten ocasión de resolver dúbidas ou facer consultas directamente ao profesor titor e este ten ocasión, así mesmo, de ofrecer ao conxunto do alumnado explicacións xenéricas dos contidos máis relevantes das distintas unidades didácticas, sobre todo daqueles que teñen un carácter máis procedemental. O tempo co que se conta é moi escaso e resulta imposible abordar a totalidade dos contidos incluídos nas correspondentes unidades didácticas polo que resulta fundamental para o profesorado realizar un acusado exercicio de síntese e maximizar o tempo dispoñible. Nestas circunstancias a interacción co alumnado redúcese moitísimo e non existe posibilidade real de contemplar o tipo de mecanismos de avaliación que soen ser habituais nas clases presenciais tradicionais que contan con maior número de períodos lectivos semanais (na ESA presencial poden chegar até seis períodos semanais).

Daquela, nesta modalidade de distancia semipresencial, os instrumentos de avaliación soen reducirse aos exames ou probas obxectivas bimestrais. Todo o alumnado desta modalidade deberá realizar como mínimo dúas probas no módulo cuadrimestral, correspondendo a unha por bimestre. Nelas o alumnado terá que demostrar, a través de exercicios concretos, que asimilou os estándares das distintas unidades traballados na aula e que é competente no desenvolvemento dos temas tratados.

- *Todo o alumnado matriculado na modalidade semipresencial a distancia ten que presentarse ao exame oficial que estableza o centro. En caso de que un módulo sexa impartido por distintos profesores nas quendas de mañá e tarde, consensuarase un modelo único de exame. Se o acordo non fose posible, cada profesor fará o exame dun bimestre, previa mediación do xefe de estudos.*
- *As preguntas do exame formularanse en función das capacidades que pretendamos avaliar. Como norma xeral, incluirán cuestión teóricas e prácticas e combinarán distintos tipos de preguntas (respostas curtas-longas, probas de composición, correspondencia ou emparallamento, analaxias-diferenzas, verdadeiro-falso...)*
- *Deberase indicar en cada pregunta o valor numérico dasesma.*
- *Os erros ortográficos e a mala presentación do exame poden supoñer unha penalización de ata 1 punto.*
- *Calquera proba considerárase suspensa (cualifícase con 0 puntos) se se detecta que un alumno copiou, permitiu que outros copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alieos).*

A Dirección do Centro EPA, a través da súa Xefatura de Estudos, convocará en cada cuadrimestre tres sesións de avaliación (co seu correspondente calendario de exames) para todos os Módulos e todos os Ámbitos desta modalidade educativa: unha primeira convocatoria cos exames do primeiro bimestre, unha segunda cos exames do segundo bimestre (e recuperación do primeiro) que coincide coa avaliación final ordinaria e unha terceira convocatoria para realizar a avaliación extraordinaria correspondente (febreiro/xuño). Este procedemento está institucionalizado no noso Centro desde hai xa moitos anos e continúa mantendo a súa operatividade e vixencia, polo que a estas convocatorias “oficiais” está chamado a presentarse a totalidade dos alumnado do Centro desta modalidade, incluídos, por suposto os do Ámbito da Comunicación. De modo ningún pode contemplarse o caso de que haxa alumnos desta modalidade dispensados de realizar algunha destas probas. Todo o alumnado que non se presente será avaliado como non presentado na proba correspondente e computará como un 0 no apartado das probas obxectivas.

3) Criterios de cualificación modalidade a distancia semipresencial

As ensinanzas da modalidade a distancia semipresencial levaranse a cabo mediante a combinación de períodos ou sesións lectivas de carácter presencial e outras actividades de seguimento do alumnado que terán carácter non presencial. Estas actividades de seguimento do alumnado de carácter non presencial levaranse a cabo preferentemente mediante o uso das TIC, sobre todo, a través dos correspondentes cursos implementados na Aula Virtual do Centro para esta modalidade. O horario de carácter non presencial adicárase, fundamentalmente, a incentivar a comunicación do titor ou titora co alumnado, á revisión e valoración das tarefas propostas, á participación nos temas de discusión dos foros temáticos e á resolución de dúbidas e problemas propostos de forma individual ou colectiva.

Para cualificación do módulo terase en conta, de modo xeral, exclusivamente o resultado das probas obxectivas de avaliación nas convocatorias ordinaria e extraordinaria (100%).

De xeito extraordinario, o alumnado poderá acadar ata 2 puntos extra pola realización dunha exposición oral nas condicións e tempos estipuladas polo corpo docente e a lectura de unha ou varias obras literarias de especial interese. Esta puntuación extra ten un carácter voluntario e nunca será ofrecida a todo o alumnado con independencia da súa asistencia regular ás titorías ou non.

VI- Orientacións metodolóxicas

No Ámbito da Comunicación, os contidos actitudinais deben ter sempre un papel central para propiciar actitudes positivas cara ás dúas linguas propias de Galicia e ás súas variantes, desenvolvendo no alumnado o respecto pola riqueza lingüística da nosa comunidade e polos falantes das dúas linguas.

O modelo de ensino-aprendizaxe da lingua deberá partir dunha concepción práctica da competencia comunicativa, entendida como a capacidade de uso do idioma, e que abrangue as competencias lingüísticas, sociolingüísticas e pragmáticas. O aprendiz de linguas pon a lingua en uso, en ámbitos, dominios e contextos específicos, facendo uso das estratexias axeitadas para o seu fin. O usuario da lingua procesa e produce textos (orais e escritos), que constitúen as unidades básicas de comunicación, a través de actividades de expresión, comprensión, interacción, mediación ou mediante unha combinación delas. Para iso os alumnos e alumnas terán que adquirir, a través das experiencias de aprendizaxe, unha serie de habilidades ou estratexias. Este proceso de ensino-aprendizaxe orientado á acción debe ser concretado e reinterpretado segundo as necesidades do alumnado adulto. Estes son os seus aspectos fundamentais:

- Activación de estratexias de aprendizaxe (aprender a aprender) e de comunicación.

- Integración das destrezas ou actividades comunicativas.

- Achegamento contextualizado aos aspectos socioculturais.

A aula deberase concibir como o espazo onde se dean situacións comunicativas reais ou simuladas en que o alumnado participe. O profesor é o presentador, impulsor e avaliador das actividades comunicativas. A súa función será a de orientar, estimular, prestar a súa experiencia e aconsellar, pero serán os alumnos os que deberán asumir a responsabilidade da súa aprendizaxe, colaborando cos demais alumnos do grupo e co profesor para conseguir os obxectivos propostos e desenvolver a súa capacidade de aprendizaxe autónoma. O alumno convértese en protagonista da súa aprendizaxe e ten un papel activo na aula: deduce, propón, valora as propias dificultades, solicita axuda e avalía os diferentes recursos.

O alumnado é o responsable da súa aprendizaxe e de afrontala de maneira autónoma. E para os alumnos aprenderen a aprender e chegaren a un uso adecuado da lingua obxecto de estudo, o profesor presentará tarefas e experiencias de aprendizaxe significativas, crendo contextos que estimulen o interese dos alumnos na aprendizaxe e na utilización da lingua, e a sensibilidade para as culturas en que se fala a lingua que están a perfeccionar ou aprender; que fomenten a confianza en si propios, que aumenten a motivación para aprender dentro e fóra da aula e que desenvolvan a súa capacidade para planificar, autoavaliarse e aprender de xeito autónomo e independente. Estas tarefas serán deseñadas a partir dos obxectivos que se pretendan acadar, e serán tamén comunicativas, para ofrecer ao alumnado a oportunidade de utilizar a lingua en situacións reais de comunicación. Os materiais empregados nesas tarefas serán preferentemente auténticos, para facer que o alumno perciba a lingua como un verdadeiro instrumento de comunicación.

O alumnado deberá familiarizarse coas estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como cunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza de comunicación. Dese xeito, fomentárase a autonomía do alumnado e poderá aproveitar ao máximo todas as ocasións para mellorar a propia capacidade de comunicación tanto na aula como fóra dela, levando a cabo eficazmente as tarefas correspondentes.

A avaliación, que en todo caso debe ser sempre coherente cos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, debe ser entendida como un instrumento que valore o uso axeitado da lingua fronte ao coñecemento do seu sistema teórico ou da simple corrección formal. O erro é un elemento inevitable, produto da interlingua de transición, que ofrece ao profesor información sobre a evolución e o estadio lingüístico do alumno, que non exclúe, de xeito ningún, unha análise dos erros para que o alumno reflexione sobre a súa actuación de autoaprendizaxe e mellore.

As unidades didácticas editadas pola Xunta están pensadas para que o alumnado adulto poida ser autónomo e inclúen unha guía coa descrición da unidade e dos seus contidos, os coñecementos previos que se precisan, suxestións para a motivación e o estudo e a temporalización, así como abundancia de actividades e solucionario.

VII- Plan de atención ao alumnado con materias pendentes de cursos anteriores

A educación secundaria para as persoas adultas presenta unha estrutura modular en ámbitos integrados: Ámbito da Comunicación, Ámbito Social e Ámbito Científico-Tecnolóxico. Esta organización do currículo, flexible e aberta, está deseñada de xeito específico para este tipo de alumnado e procura favorecer o seu acceso ás diferentes etapas do sistema educativo, respectar o seu estilo e ritmo de aprendizaxe e facilitarlle a consecución do título de graduado en educación secundaria obrigatoria.

Daquela, a avaliación das aprendizaxes do alumnado adulto está diferenciada por ámbitos e módulos e non por cursos ao xeito tradicional. Deste xeito o alumnado poderá estar cursando módulos diferentes nos distintos ámbitos e a promoción decídese por ámbitos de forma independente. Non existe, pois, o concepto de alumno con materias pendentes que deba recuperar.

Malia todo, cabe comentar aquí un caso específico e puntual no que se contempla a impartición dunhas clases de aprofundamento ou repaso de un período semanal para cada ámbito de coñecemento. Estas clases están dirixidas ao alumnado que cursou no primeiro cuadrimestre os módulos 1º e 3º na modalidade presencial e non foi promovido ao módulo seguinte. Como no segundo cuadrimestre xa non se contempla a impartición destes dous módulos nesa modalidade (só se imparten os módulos 2º e 4º) esas clases de 'recuperación' ou 'reforzamento' son pertinentes para axudar a ese alumnado a preparar os exames da convocatoria extraordinaria de marzo. Sen que isto supoña, de xeito ningún, ningunha adaptación ou modificación do currículo.

Sobre isto, pódese consultar a Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia (consúltese o Preámbulo, o Capítulo II, artigo 7º 'Organización', e o Capítulo VII, 'Avaliación', artigo 38º sobre todo). Para cada curso concreto pódese consultar tamén a circular correspondente da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos

IES que imparten ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia. Neste caso consúltese na circular correspondente os apartados relativos á organización e matrícula condicionada na ESA.

VIII- Medidas de reforzo

O alumnado que curse durante o primeiro cuadrimestre os módulos primeiro ou terceiro da modalidade presencial e non sexa promovido ao módulo seguinte nalgún ámbito, durante o segundo cuadrimestre poderá matricularse do módulo seguinte de maneira condicional. Nestes casos recibirá atención educativa do módulo non superado nunhas clases de revisión ou reforzo especificamente deseñadas para este fin.

IX- Materiais e recursos didácticos

O material que se empregará para o desenvolvemento dos contidos serán as unidades didácticas editadas pola Consellería. Esta será a ferramenta básica para o alumnado, mais non será, nin moito menos, a única. Como material complementario, poden utilizarse fotocopias que se entregarán aos alumnos con actividades de reforzo, ou recursos audiovisuais relacionados cos contidos. A variedade de materiais axudaralle ao alumnado a acadar os obxectivos de aprendizaxe propostos dun xeito significativo e duradeiro.

Contarase coas Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC). A existencia de pantallas dixitais e conexión á Internet en todas as aulas permite o acceso inmediato nas clases á Aula Virtual do Centro onde contamos cos correspondentes cursos do Ámbito da Comunicación e da propia materia de Comunicación para os distintos módulos tanto na modalidade presencial coma na de distancia semipresencial. Estes cursos supoñen unha ferramenta esencial nas clases das dúas modalidades. Neles o alumnado pode acceder directamente ás unidades didácticas a través do móbil, da tablet ou do ordenador. Ademais conta cuns recursos xerais utilísimos á hora de estudar a materia nas dúas linguas: enlaces a dicionarios, correctores, páxinas para realizar exercicios, cursos completos de cada unha das linguas, directorios xerais para dispoñer de múltiples enlaces relacionados, etc. Asemade, dos diversos temas tratados en cada unha das unidades ofrécense variados documentos de apoio que serán moi útiles sobre todo para o traballo na casa (actividades non presenciais) do alumnado da modalidade a distancia semipresencial. Aí o alumnado pode consultar documentación moi diversa: desde arquivos en PDF, presentacións en Power Point ou titoriais de vídeo, por exemplo. Tamén poderá consultar outro tipo de información útil como a propia programación didáctica, contidos mínimos, guías do alumnado, calendario ou horarios do curso, etc.

O feito de dispoñermos dunha aula de informática moi ben dotada servirá, en ocasións, para realizar co alumnado un traballo máis individualizado cos recursos dixitais. A biblioteca tamén resulta un espazo privilexiado para realizar traballos de investigación en grupo pois conta cunha aula-seminario anexa con pantalla dixital e acceso á internet. Tamén se introducirá ao alumnado no uso das bibliotecas virtuais.

Os recursos audiovisuais teñen, de seu, unha presenza habitual nas aulas dos nosos departamentos desde hai moito, indo moi unidos nos últimos tempos e por razóns obvias, aos recursos TIC. O emprego de vídeos, gravacións orais e dialectais, musicais, películas (especialmente adaptacións literarias), obras de teatro gravadas... será unha axuda básica, fundamentalmente para os bloques de comunicación oral e de literatura... O concepto de *material* será, pois, o máis aberto, flexible e variado posible.

X- Exencións da materia de Lingua Galega

As exencións da materia de Lingua Galega están reguladas na ORDE do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega. Ambas as dúas disposicións legislativas establecen que o alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia no 3º ciclo de educación primaria, en educación secundaria obrigatoria ou en bacharelato poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Establécese tamén que este alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou en que vaia matricularse, en igualdade de condicións ca os demais compañeiros ou compañeiras da clase.

Na educación secundaria para persoas adultas en puridade non se imparte a materia de lingua galega senón un Ámbito da Comunicación que integra contidos tanto de lingua e literatura galega coma de lingua e literatura castelá e faino nunha especie de totum revolutum que manexa indiscriminadamente as dúas linguas e combina tanto contidos específicos de cada unha das linguas (como por exemplo as historias das linguas e das súas literaturas respectivas) coma contidos comúns a ambas as dúas, expresados unhas veces nunha das linguas e outras veces na outra. Esta situación fai que resulte discutible que se poida conceder a exención da lingua galega como materia e que ese alumnado poida ser avaliado só da materia de lingua castelá, cando ningunha das dúas aparecen de forma individualizada como materia dentro do Ámbito da Comunicación e incluso semella contradicir a mesma concepción do propio Ámbito como integración das dúas linguas.

En calquera caso resultan evidentes as especiais dificultades que se presentan nestas circunstancias á hora de encarar a avaliación da lingua castelá

para o alumnado con exención na lingua galega. Despois da reflexión e análise nos dous Departamentos implicados temos acordado os seguintes criterios:

- A concesión da exención en lingua galega implica a obrigatoriedade de asistir ás súas clases e supón por parte do alumnado un dominio progresivo desta lingua ao longo do período de exención até acadar “un dominio adecuado (...) en igualdade de condicións cos demais compañeiros da clase” como se citou anteriormente. A exención non pode supoñer, pois, o absentismo nas clases de galego nin a alegación do absoluto descoñecemento da lingua galega ao longo de todo o período da exención (todo o contrario!).

- Os exames do Ámbito para este alumnado prescindirán de calquera contido específico da lingua galega (historia da lingua, dialectoloxía, literatura, etc.) e incluíran todos os contidos específicos propios da lingua castelá.

- Todos os contidos comúns ás dúas linguas serán incluídos na avaliación e nos exames deste alumnado sexa cal sexa a lingua na que aparezan tratados nas unidades didácticas. Se for preciso, e a solicitude do propio interesado, o profesorado poderá fornecer de material didáctico específico en lingua castelá para facilitar o estudo en casos de especial dificultade de comprensión.

- Por suposto, o alumnado exento deberá presentarse ás mesmas convocatorias que o resto do alumnado, aínda que realizará un exame especificamente adaptado á situación que se describe.

- Nos casos de exención da lingua galega a media ponderada do Ámbito pasará a realizarse do xeito seguinte: a Comunicación (LC) suporá o 50% da cualificación do Ámbito e o Idioma Moderno (Inglés/Francés) o outro 50%.

TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN

O impacto das Tecnoloxías da Información e da Comunicación comparouse reiteradamente co que tivo a aparición da imprenta no seu día. Estas tecnoloxías multiplicaron a capacidade de almacenamento e a velocidade na procura de información. Xa que logo, nos tempos que corren e nunha asignatura que xira arredor da comunicación, a súa presenza e protagonismo están plenamente xustificados no proceso de ensino-aprendizaxe.

Tradicionalmente no noso centro funcionaron as *titorías telemáticas*, dirixidas ao alumnado da ESA semipresencial. Estas titorías concrétanse, en cada curso, nunha sesión semanal de atención telefónica e na atención permanente de consultas ou dúbidas que chegan a través do correo electrónico. No curso 2006-2007 púxose en marcha a páxina web do centro (<http://www.epapontevedra.com/>), que se converteu nunha ferramenta imprescindible para a comunidade educativa. Na pestana dos nosos departamentos, adoitamos fornecer de materiais ao alumnado. Ademais, o Departamento de Lingua Galega e Literatura mantén un blog (<http://lingueliteratura.epapontevedra.com>) e unha páxina web propia do departamento ([http://web.epapontevedra.com/Falooa porque si](http://web.epapontevedra.com/Falooa_porque_si)), con materiais, recursos e enlaces a outras páxinas.

Por outro lado, o centro conta cunha Aula Virtual (na *Plataforma Moodle*), onde o noso departamento conta xa con varios cursos, que nos permiten complementar o libro de texto ou as unidades didácticas correspondentes con diversas ferramentas e moitos documentos de apoio á vez que supoñen un magnífico soporte para interactuar a distancia co alumnado. Os alumnos poderán acceder comodamente a estes recursos en calquera momento desde os seus propios ordenadores, tablets ou mesmo desde o móbil. Estes cursos do noso departamento na Aula Virtual son:

- *Lingua Galega e Literatura. 1º Bacharelato*: dirixido ao alumnado das dúas quendas de 1º bach.
- *Lingua Galega e Literatura. 2º Bacharelato*: dirixido ao alumnado das dúas quendas de 2º bach.
- *Literatura Universal. 1º Bacharelato*: dirixido ao alumnado das dúas quendas de 1º bach.
- *Portugués I (2ª lingua estranxeira)*: Dirixido ao alumnado de 1º bach.
- *Portugués II (2ª lingua estranxeira)*: Dirixido ao alumnado de 2º bach
- *Comunicación 1º Presencial e 1º Distancia Semipresencial*: cursos dirixidos ao alumnado do Ámbito da Comunicación destas modalidades nas dúas quendas.
- *Comunicación 2º Presencial e 2º Distancia Semipresencial*: cursos dirixidos ao alumnado do Ámbito da Comunicación destas modalidades nas dúas quendas.

- *Comunicación 3º Presencial e Comunicación 3º Distancia Semipresencial*: cursos dirixidos ao alumnado do Ámbito da Comunicación destas modalidades nas dúas quendas.
- *Comunicación 4º Presencial e 4º Distancia Semipresencial*: cursos dirixidos ao alumnado do Ámbito da Comunicación destas modalidades nas dúas quendas.
- PACS LG (Curso de Preparación para o Acceso ao Ciclo Superior): dirixido ao alumnado que está a preparar esta proba.

Na nosa práctica docente tamén recorreremos á aula de informática, sobre todo co alumnado da ESA presencial, para traballar distintos aspectos da programación (ortografía, coherencia textual, adecuación, manexo de correctores ortográficos, dicionarios, procesadores de texto...). A progresiva incorporación ás nosas aulas das pizarras dixitais con conexión a internet a partir do curso 2010-2011 está a reforzar definitivamente o protagonismo das TIC's. De feito isto permítenos dispoñer das unidades didácticas en formato dixital directamente nas clases así como acceder aos recursos dos cursos correspondentes da Aula Virtual e, en xeral, a calquera contido multimedia. A existencia de redes wifi accesibles en todas as aulas permite tamén que o propio alumnado poida dispoñer de todo o material didáctico descrito nos novos soportes como tablets ou móbiles.

Por último, cabe engadir aquí que o Centro conta cun servizo propio de contacto e mensaxería que permite a intercomunicación de toda a comunidade educativa a través da aplicación TokApp School. Este servizo substitúe os sistemas de comunicación tradicionais coma o correo postal, pois o alumnado pode recibir directamente no móbil (ou no seu defecto a través dun sms ou correo electrónico) as notificacións co valor dun documento certificado.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

“O verbo ler non soporta o imperativo. Aversión que comparte con algúns outros: o verbo amar... o verbo soñar. Desde logo, sempre se pode intentar. Imos ver:

-;Ámame! ;Soña! ;Le! ;Pero, le dunha vez por Deus! ;Ordénoche que leas!

- ;Sube ao teu cuarto e le!

- ;Resultado?

- ;Nada!

Durmiuse enriba do libro. A fiestra, de súpeto, pareceulle inmensamente aberta sobre algo fascinante... e por alí botouse a voar. Para lle escapar ao libro...”

Daniel Pennac. *Como unha novela.*

O Departamento de Lingua e Literatura Galega é plenamente consciente da importancia capital que ten a lectura na formación do noso alumnado. Tanto é así que asumimos desde hai anos un papel protagonista na dinamización da biblioteca e na posta en marcha do club de lectura e do *Plan Lector*, que está a dar o seus primeiros pasos este curso.

Somos moi conscientes de que traballamos con alumnado adulto e sabemos ben que resulta difícil gañar para a causa da lectura a persoas que non teñen adquirido este hábito a determinadas idades. É máis; hai estatísticas moi fiábeis que indican que na adolescencia son moitos os que deixan de ler. A medida que medran, os alumnos perciben a lectura como unha obriga académica máis. Desaparece a percepción da lectura como fonte de pracer e coñecementos e mesmo como estratexia útil para conseguir un traballo.

Precisamente para romper coa asociación lectura/pesada tarefa académica e para potenciar a dimensión lúdica da literatura, pareceunos moi interesante a *Hora de Ler*. Esta iniciativa concretouse finalmente en vinte minutos de lectura diaria individual nos catro cursos da ESO presencial e nas EBI (Ensinanzas Básicas Iniciais). Tendo en conta que nos diriximos a un alumnado moi diverso en canto a formación, necesidades e intereses, a nosa proposta de lectura tamén é heteroxénea. Por unha parte, clásicos das nosas letras; por outra, libros de literatura xuvenil, que poidan resultarlle atractivos aos lectores menos iniciados. A listaxe proposta para a *Hora de Ler* é a seguinte:

- ✓ *Cartas de inverno*: AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ. (Ed. Xerais)
- ✓ *Asústate Merche, Sobrevives?*: FINA CASALDERREY (Ed. Xerais)
- ✓ *A banda sen futuro*: MARILAR ALEIXANDRE (Ed. Xerais)
- ✓ *Pel de lobo*: XOSÉ MIRANDA (Ed. Xerais)

- ✓ *Cando petan na porta pola noite*: XABIER P. DOCAMPO (Ed. Xerais)
- ✓ Leonel. ANTÓN CORTIZAS (Ed. Xerais)
- ✓ *Anxos en tempos de chuvia*. MIGUEL VÁZQUEZ FREIRE (Ed. Xerais)
- ✓ *Diario vermello de Carlota*. GEMMA LIENAS (Ed. Galaxia)
- ✓ *Comedia bífida*: MANUEL NÚÑEZ SINGALA (Ed. Galaxia)
- ✓ *Poderosa 1; Poderosa 2*: SERGIO KLEIN (Ed. Xerais)
- ✓ *Os dous de sempre, Cousas*: CASTELAO (Ed. Galaxia)
- ✓ *Memorias dun neno labrego, Cartas a Lelo*: NEIRA VILAS (Ed. Do Castro)
- ✓ *Á lus do candil*: ANXEL FOLE (Ed. Galaxia)
- ✓ *Escola de menciñeiros, Os outros feirantes*: ÁLVARO CUNQUEIRO (Ed. Galaxia)
- ✓ *Os biosbardos*: BLANCO AMOR (Ed. Galaxia)
- ✓ *Crime en Compostela*: CARLOS REIGOSA (Ed. Xerais)
- ✓ *Agosto do 36, Os últimos fuxidos*: FERNÁNDEZ FERREIRO (Ed. Xerais)
- ✓ *Aire negro, O que nos queda é o amor*: AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ (Ed. Xerais)
- ✓ *Ollos de auga*: DOMINGO VILLAR (Galaxia)
- ✓ *Fortunato de Trasmundi*: DARÍO XOHÁN CABAÑA (Ed. Xerais)
- ✓ *Durmindo sobre os espellos*: JORDI SIERRA I FABRA (Ed. Galaxia)
- ✓ *Un nome de dicionario*: AMELIE NOTHOMB (Galaxia)
- ✓ *A revolta dos animais*: G. ORWELL (Ed. Positivas)
- ✓ *O curioso incidente do can a media noite*: MARK HADDON (Ed. Rinoceronte)
- ✓ *Poetízate*: FRAN ALONSO (Ed. Xerais)
- ✓ *Makinaria*: CARLOS NEGRO (Ed. Xerais)
- ✓ *Os eidos*: UXÍO NOVONEYRA (Ed. Xerais)
- ✓ ROSALÍA DE CASTRO: *Cantares gallegos, Follas novas*
- ✓ CURROS ENRÍQUEZ: *Aires da miña terra, O divino sainete*
- ✓ EDUARDO PONDAL: *Queixumes dos pinos*
- ✓ MARCIAL VALLADARES: *Maxina ou a filla espúrea*
- ✓ XOSÉ MIRANDA: *Morning Star* (ed. Xerais)
- ✓ RIVEIRO COELLO: *As rulas de Bakunin* (ed. Galaxia)
- ✓ ANXOS SUMAI: *Anxos de garda; Así nacen as baleas* (ed. Xerais)
- ✓ ROSA ANEIROS: *Veu visitarme o mar* (ed. Xerais)
- ✓ M^a REIMÓNDEZ: *O club da calceta* (ed. Xerais)
- ✓ AGUSTÍN FERNÁNDEZ PAZ, *Non hai noite tan longa* (ed. Xerais)
- ✓ DOMINGO VILLAR: *A praia dos afogados* (ed. Galaxia)
- ✓ DIEGO AMEIXEIRAS: *Tres segundos de memoria* (ed. Xerais)

- ✓ *O porco de pé*: VICENTE RISCO (Ed. Galaxia)
- ✓ *Arredor de si; Os camiños da vida*: OTERO PEDRAYO (Ed. Galaxia)
- ✓ *Dos arquivos do trasno*: RAFAEL DIESTE
- ✓ *O crepúsculo e as formigas*: XL MÉNDEZ FERRÍN
- ✓ *De catro a catro*, M. ANTONIO
- ✓ *Spam*: FRANCISCO CASTRO. (Ed. Galaxia)
- ✓ *Herba moura, A xeira das árbores*: TERESA MOURE (Ed Sotelo Blanco)
- ✓ *Made in Galicia*:SECHU SENDE (Ed. Xerais)
- ✓ *Circe ou o pracer do azul* : BEGOÑA CAAMAÑO. (Ed. Galaxia)
- ✓ *Mal de linguas*: JESÚS TUSÓN (Ed. Sotelo Blanco)
- ✓ *Como unha novela, Mal de escola*: PENNAC (Ed. Xerais)

Nos cursos de Bacharelato, os alumnos deberán acreditar a lectura dunha obra en cada trimestre/avaliación, obra que escollerán entre os distintos títulos suxeridos. (As listaxes aparecen no apartado correspondente da programación de cada un dos cursos e asignaturas). Esta lectura trimestral será obrigatoria e condición *sine qua non* para considerar aprobada a materia na convocatoria ordinaria de xuño e extraordinaria de setembro. Os alumnos poderán sumar até un punto como máximo en cada avaliación pola realización doutras lecturas a maiores da obrigatoria, escollendo outros títulos da mesma listaxe ofrecida. Neste caso deberán informar ao profesor desta circunstancia e coordinar a realización dun control oral de lectura, onde se valorará tamén a capacidade e a propiedade da expresión oral do alumno.

ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Atender a diversidade é tarefa consubstancial co labor docente nun centro de educación de adultos. Lonxe de ser excepción, aquí a diversidade é norma, de tal xeito que se impón unha grande flexibilidade nun proceso de ensino-aprendizaxe que ten como prioridade acadar a adquisición das competencias básicas. A Educación e Promoción de Adultos contempla como obxectivo prioritario a adquisición desas competencias básicas necesarias para desenvolverse no mundo actual. Así pois, o obxectivo é conseguir que o alumnado desenvolva un sentido crítico e unha actitude responsable que lle permita unha participación activa nua sociedade en permanente cambio.

As medidas necesarias para adquirir as competencias básicas, sobre todo no Ámbito da Comunicación da Educación Secundaria para Persoas Adultas na súa modalidade presencial, pasan por un seguimento individualizado. O diagnóstico e seguimento do alumnado é fundamental no proceso de ensino aprendizaxe para poder ofertar os reforzos adecuados. Para levar a cabo ese diagnóstico e ese seguimento individualizado é necesaria a colaboración co Departamento de Orientación que temos no Centro.

O departamento de Lingua Galega é de sempre dos máis implicados na atención á diversidade, dado o carácter instrumental das materias que imparte. Tratamos de adoptar sempre unha posición moi activa neste sentido, estimulando o traballo do alumnado con máis necesidades e atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe. O seguimento individualizado do alumnado e a estreita colaboración co Departamento de Orientación son medidas imprescindibles para facer un diagnóstico atinado e atender axeitadamente a diversidade.

Entendemos que a docencia nun centro de adultos xa é, case por definición, un exercicio de atención á diversidade. O noso alumnado presenta un grao de diversidade moi superior ao que ofrecen os centros convencionais. A idade, a procedencia xeográfica, os coñecementos previos e a actitude son moi diferentes entre alumnos dun mesmo grupo ou módulo. As diferenzas mesmo son importantes entre os alumnos que cursan estes estudos nas quendas da mañá e tarde. Por iso, as programacións teñen que ser inevitabelmente xeneralizadoras. E teñen que ser flexíbeis e abertas, para que o profesor, unha vez coñecida a realidade da súa aula, module e adapte os contidos.

O alumnado que presente dificultades académicas será obxecto de medidas de atención e reforzo. Tratamos de adoptar sempre unha posición moi activa neste sentido, estimulando o seu traballo, atendendo aos diferentes ritmos de aprendizaxe e facendo un seguimento individualizado dos alumnos. Procurarase atender na propia aula as necesidades educativas de todo o alumnado, facilitándolle material suplementario de reforzo ou ampliación, segundo as necesidades detectadas. Esta atención desenvolverase, como xa quedou dito, en colaboración co departamento de Orientación.

Polo demais, procuraremos atender especialmente o alumnado de orixe non galega. Facilitarémolle un plan de achegamento á materia que lle permita ir logrando progresivamente competencia lingüística en galego. Para a súa elaboración procuraremos a colaboración do ENDL. Sobre o tratamento do alumnado exento na materia de Lingua Galega nesta modalidade de ensino, pódese consultar o apartado correspondente nesta mesma programación.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Certas actividades en grupo fóra da aula, como poden ser visitas a museos, viaxes ou saídas ao teatro, cumpren moitos obxectivos ao mesmo tempo. Cumpren, en primeiro termo, uns obxectivos específicos e propios do Ámbito de Comunicación: promocionar a lectura, profundizar no coñecemento de escritores relevantes, reflexionar sobre certos prexuízos diglósicos... Pero ademais de ilustrar e ampliar os contidos teóricos que se imparten na aula, estas actividades teñen uns obxectivos transversais, que moitas veces van máis alá da vertente puramente académica. En efecto, o marco das actividades complementarias e extraescolares, sen ser o único, convértese nun espazo privilexiado para participar, crear, convivir e compartir experiencias cos demais. Estas iniciativas favorecen un maior achegamento á realidade e constitúen unha chave máis para a aprendizaxe de toda unha serie de normas de convivencia, hábitos e actitudes que lle han dar sentido moral e cívico á conduta do noso alumnado.

Á marxe das actividades programadas polos departamentos, o profesorado de Comunicación estimulará e incentivará a participación do alumnado nas **actividades organizadas desde a Vicedirección** do centro. Máis aínda, cando esas actividades estean vencelladas aos contidos do noso Ámbito. Por último, sinalar que colaboraremos estreitamente en todas as **actividades que se deseñen dende o Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística**, asumindo, se for preciso, a organización dalgunha delas.

A relación de actividades complementarias e extraescolares programada para o presente curso académico polo noso departamento inclúe as seguintes:

- ✓ Asistencia a unha obra de teatro (por concretar) dirixida, fundamentalmente, a alumnado da ESA presencial (1º ou 2º e, de ser o caso, 3º ou 4º tamén).
- ✓ Celebración da Semana das Letras Galegas: Intentaremos promover a asistencia aos actos colectivos organizados dende os centros de ensino do concello.. Posible contratación dalgún contacontos ou espectáculo poético-musical. Colaboración co EDNL, a Vicedirección e co Equipo da Biblioteca nos actos que propoñan.
- ✓ Continuaremos coas exposicións no propio centro de material didáctico sobre algún escritor relevante ou calquera outra figura importante relacionada con mundo da literatura e a lingua galega.
- ✓ Visita á Biblioteca Pública Municipal co alumnado de 2º da ESA presencial (e de 4º se for posible)
- ✓ Visita na Cidade da Cultura de Santiago (no Gaiás) dunha exposición bibliográfica e cultural, coalumnado de 1º e 3º da ESA.
- ✓ Participación do alumnado de Portugués nalgunha das actividades ofertadas desde o Instituto Camões, Centro Cultural Portugués, en Vigo. Esta institución ofrece ao longo do curso unha ampla gama de actividades relacionadas coa lingua e a cultura portuguesas, como conferencias, concertos, exposicións, etc. Procuraremos promover a asistencia do noso alumnado a algunha destas actividades polo menos unha vez ao longo do curso.

INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO:

1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.
2. Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).
3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.
4. Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.
5. Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.
6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase.
7. Promove a reflexión dos temas tratados.

DESENVOLVEMENTO DO ENSINO:

1. Resume as ideas fundamentais discutidas antes de pasar a unha nova unidade ou tema con mapas conceptuais, esquemas...
2. Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...
3. Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.
4. Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.
5. Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.
6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída cos estudantes.
7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para os alumnos e as alumnas.
8. Formula actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.
9. Formula actividades en grupo e individuais.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE:

1. Realiza a avaliación inicial ao principio de curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.
2. Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.
3. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.
4. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.
5. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e as alumnas, e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes.
6. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrada a avaliación dos diferentes contidos.
7. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.
8. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.
9. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.
10. Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, o nivel dos estudantes, etc.
11. Emprega diferentes medios para informar dos resultados os estudantes e os pais.

MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

Neste apartado preténdese promover a reflexión docente e a autoavaliación da realización e o desenvolvemento da programación didáctica. Para iso, ao finalizar cada unidade didáctica propónse unha secuencia de preguntas que nos permitirán avaliar o funcionamento do programado na aula e establecer estratexias de mellora para a propia unidade.

De igual modo, propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada módulo cuadrimestral, para así poder recoller as melloras no seguinte. Esta ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			

DIVULGACIÓN DA PROGRAMACIÓN

O alumnado poderá consultar a Programación Didáctica de cada un dos departamentos nos correspondentes cursos da Aula Virtual. Na modalidade de distancia semipresencial figurará tamén na Aula Virtual unha guía do alumnado con toda a información precisa. En xeral, empregaranse estes cursos da Aula Virtual para divulgar calquera información que se considere relevante en cada un dos módulos das dúas modalidades. Se o profesorado empregase outras plataformas distintas da Moodle, esta función informativa realizarase obviamente a través desas plataformas.

Por outro lado os profesores que impartan na modalidade presencial e os que titoricen algún grupo da modalidade de distancia semipresencial adicarán a primeira xornada lectiva de cada módulo cuadrimestral a fornecer toda a información precisa contida na programación para o seguimento do curso correspondente. En xeral darán información deste tipo ao longo do curso sempre que o solicite algún alumno ou alumna, sobre todo, a través das titorías telemáticas na modalidade de distancia. Nos propios departamentos de cada unha das materias haberá copia destes documentos por se o alumnado prefire consultalos directamente alí.